

Os GALOS

REVISTA DE
DIVULGACIÓN
DA CULTURA
MARÍTIMA
E FLUVIAL



Nº 19
BUCU 2025



Rosa náutica na Costa da Morte

Presentación

Outro ano máis, a Asociación “Os Galos” volve a presentar a súa publicación anual nun xa longo compromiso coa divulgación e preservación da cultura galega no ámbito de Bueu, especialmente a mariñeira e etnohistórica do noso concello. Neste número 19, que indica os anos que leva publicándose, é obvio que temos que destacar e felicitarnos todos, polo merecido nomeamento de Arturo Sánchez Cidrás como Fillo Predilecto de Bueu, fiel colaborador da nosa revista desde os seus inicios.

Solidarios e satisfeitos con este nomeamento, non podemos esquecer aos nosos, tamén fieis e afoutos redactores/as que tamén nos acompañan desde os inicios, e máis as moi consideradas e valiosas aportacións dos outros moitos colaboradores/as que tamén contribuíron a este proxecto e que todos eles e elas nos permiten manter o elevado interese cultural e divulgativo da nosa publicación.

Neste número abórdanse temas relacionados coas técnicas de pesca, transmitidas e perfeccionadas a través dos séculos e de enorme complexidade para os alleos ás mesmas, agás para os mariñeiros que as elaboraron e as manexan de tal xeito que alcanzaron a categoría de artes co que isto conleva de creatividade, imaxinación, técnica selectiva e produtividade. Neste sentido tamén se aborda outro tema complexo, relacionado coas normas xurídicas ou convenios que regulaban o uso das artes na ría e a conflitividade existente, que tiña que resolverse mediante acordos entre as partes en litixio xa fosen patróns ou confrarías. A Illa de Ons, coas súas peculiaridades insulares, centra tamén a nosa atención con referencias ao seu pasado e presente que nos permiten un maior coñecemento da súa problemática.

Outros temas que se inclúen fan referencia a personaxes, xentes, actividades e celebracións que marcaron e marcan episodios do vivir cotián de Bueu. A poesía, o humor, as artes plásticas, recensión de textos e reseñas bibliográficas completan o contido deste número no que, como sempre, non falta o Anuario de Actividades da Asociación “Os Galos”, editora desta revista.

Na tarde do pasado día 15 de febreiro falecería en trágico accidente no mar, mentres pescaba, o mariñeiro de Bueu Manuel Otero López de 71 anos. A pesar do retardo que supón a edición da nosa revista, a Asociación Os Galos quere deixar constancia nestas páxinas do seu máis sentido pésame e solidariedade coa súa familia, amigos e achegados.



A Ría de Pontevedra no Atlas de Pedro Teixeira 1634

Revista Os Galos

Dirección: Ana Gil

Redacción:

Arturo Sánchez Cidrás

Celestino Pardellas de Blas

Carlos Roberto de Pacho

David García Piñeiro

Francisco R. Pastoriza

Gonzalo Pérez Barreiro

Humberto Santiago Esperón

Isidro Cortizo Del Río

Lidia Nieves

Lino J. Pazos

Lucía Novas

Luis Davila

Salvador Rodríguez

Xaime Toxo

Xerardo Dasairas

Maquetación: O'Xedas

Impresión: DC Artes Gráficas

D. L.: PO-459/2006

Edita: Asociación "Os Galos"-Bueu

Índice

	Páx.
Apuntamentos sobre redes de pesca (I).....	3
O humor de Davila.....	10
Convenio entre patróns de Bueu e Beluso en 1814.....	11
A Ons expropiada.....	15
Memoria de Juanito Santos.....	21
Federico Ribas: A sombra dun esquecemento.....	23
O Espazo poético de Lucía.....	28
De artistas e arte ignorada.....	29
A Illa de Ons como escenario de fición.....	33
O humor de Davila.....	36
Arturo Sánchez Cidrás.....	37
Aquelas parellas de vapores de Marín.....	40
A derradeira travesía do "Toftevaag".....	47
Algúns descoñecidos veciños subacuáticos.....	50
Pinturas e comentarios sobre Ons.....	52
A celebración da Santa Efixenia.....	56
Actividades da Asociación "Os Galos".....	61

Apuntamentos sobre as redes de pesca ⁽¹⁾

Arturo Sánchez Cidrás

Ola Juan! -Que é unha rede?
Juanito Santos¹: -Unha rede...,
unha rede é un conxunto de
buracos atados por un fío.

A finalidade destes apuntamentos sobre algunhas redes de pesca utilizadas polos mariñeiros galegos non está centrada na explicación exhaustiva dos distintos tipos de artes e dos aparellos utilizados nas mesmas, senón en aportar datos máis ou menos coñecidos, curiosos ou non, xurdidos de conversas con amigos, sobre todo con Miguel Loira². Son, por tanto, apuntes etnográficos, fragmentos de memoria colectiva que desexamos compartir para pór en valor a tradición e legado dos mariñeiros que souberon ler os sinais do mar e converter a súa experiencia en arte.

Falando de redes...

As redes de pesca son o froito dunha perfección técnica ao través do tempo, pero tamén son unha obra de arte, moitas veces efémera, que reflicte a sabedoría e o bo facer das xentes do mar.

Sería desexable que estas páxinas descubran algúns dos segredos que con respecto aos aparellos de pesca forxaron xeracións de redeiras/os en consonancia coas demandas dos mariñeiro.

As veces damos por sabido cousas que descoñecemos case totalmente ou, simplemente, non nos paramos a preguntar. Se o facemos á persoa adecuada, neste caso a Miguel, as respostas xorden con fluidez, aportando luz dese específico mundo que é a pesca.



Útiles de Julia Agulla Santos

Diferenza entre armar e atar o aparello:

Armar o aparello: É unir o pano ou rede coas relingas (cordas) das cortizas ou dos chumbos e cos outros trebellos que se precisen. Nesta operación dáselle a configuración que un queira para o tipo de pesca, lugar, ... que se utilice.


Atar o aparello: Cando se rompe a rede para solucionalo empréganse os verbos *atar*, *coser* ou *reparar*.

Cando o buraco nunha rede é pequeno e non falta rede, repárase facendo mallas novas. O primeiro


1 Juan Salvador Santos Ríos, personaxe, cando menos peculiar e interesante, nado nos inicios do século XX.

2 Miguel Loira González: Para quen o mar é una experiencia vivida como herdanza da memoria do seu pai, dos seus avós... O amigo Miguel, non só nos fai partícipe da pesca, do lecer da vela, das pedras das fanecas, corbelos etc. senón da navegación camiño das illas galegas e portuguesas e, quizais sexa máis importante, ábrenos as portas a ese universo do saber, de anécdotas, dos detalles aparentemente insignificantes pero que, xuntos, conforman a visión máis auténtica e profunda da pesca en xeral e a galega no particular.

que hai que facer é limpalo: Os nós teñen catro fíos. Entón é convinte comezar, no punto máis alto, por un nó que teña tres fíos (se tivera catro, córtase un). Os seguintes teñen que ter dous fíos (de haber máis córtanse) e así ata o final ou último, que ten que ter tamén tres fíos ou lados. A secuencia de fíos arredor dos nós das mallas serían: 3-2 2 – 3. Ao coser, coa agulla enfiada, faise un novo nó, normalmente de volta de escota, por ser o máis fácil e seguro para este tipo de traballos.



Oco limpo e preparado



As frechas indican a dirección de cosido cos fíos

Cando a rotura é grande e falta pano, o mellor é poñer un anaco novo, logo cósesse (átase) buscando o xeito da malla. A rede traballa nun sentido (A) porque así pode ir pechando, mentres que se se pon no xeito contrario (B), abren ou cando menos non pechan como deberan. De non facelo así ao largar o aparello na pesca este non traballaba ben e podería marchar por aí o peixe.



A -Pecha ben



A -Pecha ben

No inverno atábase baixo cuberta, nos atadores. O resto do ano no molle.

Atadores en Bueu: Detrás da de Amador, na de Silvestre, na de Villanueva, na de Santiaguíño, a de Apolinar...

Tamén había lugares para curar os aparellos, os chamados encascadeiros, pois antes as redes de algodón ou cânabo había que tinxilas cada certo tempo para que durasen.



Redeiras no molle de Bueu 1996



Tendedeiro-secadoiro en Bueu. Foto Zagala 1902

Este labor facíase en lugares, encascadeiros, nos que se somerxía a rede nun depósito con auga quente³ mesturada con cascas ou cortizas de pino, nogueira etc. Logo, a rede secábase pendurándoa en paus altos, estirándoa na mesma praia ou en emparillados de postes que chamaban “a estacada” (Pescadoira, na Banda do Río, Massó...).

Encascadeiros de Bueu: Bolíbar, na de Campañó, na de Miguel Botaviño (detrás da actual librería Abrente...



Medir as mallas dunha rede

Os aparellos tamén se sinalaban pola medidas das súas mallas. As mallas dunha rede medíase estirando o aparello no sentido que quedaran pechadas as mallas e dende un nó contábanse cantos lados da malla⁴ collían (metían) nunha coarta.. Díciase: malla de 8 (para as betas), malla de 10 ou 11 (para a sardiña). O espazo ocupado por unha malla tamén se coñecía por luz da malla.

REDES NA ARTE DE ENMALLE: Artes nas que a pesca vai ás redes quedando enmallada neles. Os peixes enrédanse pola cabeza e ao querer zafarse, engánchase polas guerlas ou branquias.



Consellería de Pesca Xunta de Galicia 1988

(A) **Con redes de DERIVA**, que son aquelas que sostidas polas liña de cortizas á profundidade deseñada, sen tocar fondo, atópanse á deriva soltas ou amarradas a unha embarcación. Como exemplo deste tipo de rede veremos algunhas peculiaridades da rede utilizada na arte do xeito.

Xeito:

Pano: Cada unha das pezas de rede que forman u aparello.


Cúa: Cabos delgados que unen a rede ao barco.

Relingas ou trallas: Cabos, normalmente grosos, que levan as cortizas ou os chumbos nas redes. Tamén os que se poñen nas extremas do pano.

Sinera ou bornadeira: As cordas que unían a relinga das cortizas cunha boia ou bourel.

Cadeneta: malla máis forte que servía para unir o pano ás relingas ou cordas.

Mesta: unión das relingas para xuntar as pezas das redes. Para unir as dúas relingas faise un nó rizo ou 'llano' que permiten traballar moi ben con tensión.



Peza do Xeito

³ Tamén se facía en frío disolvendo taninos.

⁴ Cada malla viñan a ser dous lados.



Os chicotes que volven paralelos ao seu firme (relinga), entrelázanse con este para que non queden soltos e así reforzar a unión.

Matafións: fíos que a modo de lazada unían as relingas verticais dos panos a xuntar. Servían para manter pechado o aparello.

Marcas ou contrasinal: era unha peza de cortiza ou madeira cunhas iniciais ou marcas gravadas que identificaban ao dono do aparello tanto que este estivese pescando, no encascadeiro, secando etc.



Argola: Para unir a cadea neta do pano coa relinga utilizábase un fío de armar co que se atan no espazo deseado un número de mallas

que permita manter o aparello estirado. Tradicionalmente o xeito estaba composto por unhas cinco pezas onde á que estaba preto do barco lle chamaban “*man*” e á última “*rabo*”.

O aparello, é dun pano só, e ten que estar ben estirado e aberto para que mallen os peixes. Os bancos de sardiña, anchoa ou bocarte o compoñen numerosos individuos. Mallan, non porque detecten o aparello, que si o detectan e o costea (evitan), senón que normalmente o fan por culpa dos depredadores que sempre andan polo medio, o peixe abálase e vai dun lado para outro e é cando queda mallado. O mellor momento é no crepúsculo, no asexo ou na luz, que non se mira ben. Eses lances recibían por iso os nomes de *Asexo* e, pola mañá, o da *Luz*. Pero se había moito peixe, pola noite podíanse dar máis lances que ata tiñan nome: Ao primeiro despois do *Asexo* chamábanlle *Manexo* e se había máis, *Patexo* e ao seguinte, de habelo, *Recantexo*, *Fedeomexo*...

“Cando hai lúa non arden as augas, non hai ardentía⁵ e entón igual se traballaba toda a noite e ata deixaban o aparello pescando. Se tiñan que traer peixe a terra puñan unha boia, unha chalana,... Houbo veces, de forma excepcional, que ao vir bar-

cos de guerra para Marín levaban todo de arrastro...”.

A luz ou tamaño das mallas deben ser axeitadas ao do peixe. Por exemplo por abril a sardiña comezaba a vir, pero era pequena. Para pescala hai que ter a malla axeitada, coteira (pequena). A medida que pasa o tempo, xuño, xullo... a sardiña vai medrando e para pescar ben tiñan que cambiar de aparello, coas mallas máis grandes. Aí estaba a diferenza entre uns armadores e outros, entre os que tiñan alternativa de cambio e os que non.

Había veces que, coa rede *adecuada* e o banco de peixe grande, o aparello enchíase de sardiña. E isto que é bo, podía chegar a ser un inconveniente, porque hai que sacar a que está enmallada unha a unha, estragándose moita, descabezándose ... dando moitísimo traballo e perdendo moito tempo, ata ter que largalo para limpalo de cabezas, sangue... Antes deste panorama había algúns bos patróns que daban en utilizar un aparello *inadecuado* porque así o peixe que viña era máis fácil de quitar e, ao final, resultaba máis rendible na pesca.

Os “*toros do xeito*” eran os anacos de sardiña ou xoubas ... que quedaban cando os patelos, ou outros depredadores, as comían ao estar enmalladas. Chegaban a venderse na praza e eran moi apreciados quizais por ser máis baratas e polo bo sabor, que segundo dicían tiñan que ver con que viñan desangradas.

(B) Con redes de CALADO ou fixas no fondo ou preto del. As redes de calado poden ser dun só pano, como no caso das betas, volantas,... ou con tres panos como os trasmallos, miños etc.

Betas:⁶

As betas cálanse⁷ ao asexo ou á luz. As capturas, ao tratarse de peixe branco e fráxil, se estiveran caladas moito tempo comeríanas os caramuxos, polbos, choco... e, sobre todo, o congro.

A rede consta dun pano só, que para pescar mellor debería cambiarse a malla dependendo da época do ano e tendo en conta o tamaño dos peixes.

⁵ R.A.G: “Fosforescencia ou luminosidade das augas mariñas, producida polos movementos dos peixes ou doutros organismos que habitan nelas”.

⁶ En Bueu, comezaron chamándolle “pezas da pescadilla”


⁷ *Calar*: Lanzar algo somerxéndoo, botar os aparellos ao mar (redar).



Betas. Cartel Consellería de Pesca 1988

Os aparellos hainos que armar con bastante chumbada na relinga inferior e para evitar as mallas moi estiradas a lonxitude das relingas non poden ser igual que o pano do aparello pois sería difícil que o peixe quedara mallado. Tería que acertar coa luz ou espazo da malla.

Por exemplo, para 100 metros de aparello non podes meter 100 de relinga, meterías uns 75 m. pois así o aparello quedaría frouxo, formando unha especie de bolsa, de feito os mariñeiros por aquí lle chamaban *bolso* ou *seno*. De feito ese termo indica a diferenza do aparello e a relinga. Por iso cando van armar un aparello preguntan: -*Canto bolso lle deixo?* Para facer o *bolso* as argolas en vez de ir separadas como no xeito (A) ocupaban co mesmo número de mallas, menos espazo (B). Tamén podería dicirse que a Argola é unha medida: “*Armo as Betas con Argolas de media cuarta...*” ou “*Ponlle catro mallas por Argola*”...



Se o aparello está frouxo cando ven un peixe, pode tocar onde queira do aparello que o peixe intenta dar volta e enleace cada vez máis. Se estiveira o aparello estirado, o peixe pode dar volta con

facilidade e marchar. Utilízase para pescar fanecas, salmonetes, ollomol, cabalas, corbelos, serráns... aínda que tamén se poden coller centolas, choco, polbo... pero soamente se estes van a comer o peixe alí mallado. Nese caso, para collelos hai que meterlle un ganapán ou un bicheiro pois normalmente eles non están mallados. As cabalas e os corbelos grandes veñen porque se enganchan.


As primeiras betas que se utilizaron en Bueu, arredor do 1962, eran de nailon e usábaas Manuel Loira García (pai de Miguel) que as fora mercar á Garda, pois viñan de Portugal. Logo tivéronas o Courán das Meáns e outros.

Trasmallos:

A rede ten mallas ou tres panos de rede. Os de fóra teñen mallas máis grandes⁸, fío máis groso e son algo máis estreitos que o do interior, chamado *fecheiro*. Isto facilitará que ao estar fondeado sopor ten o peso dos chumbos e que o pano interior teña *bolso* ou *senos* para pescar mellor.

Cando chegan os peixes ou crustáceos, cólanse polas mallas grandes (dun lado ou doutro) e chocan coa de dentro e ao quererem dar volta forman unha bolsa que os envolve. Non son moi altos, utilízanse pola costa... para coller polbos, choco, robaliza, raia, linguados, rodaballo, centola, abadexo, maragota...

Nos tramallos o aparello é de fío de nailon, máis difícil de limpar, de quitarlle o lixo... Os de tanza, como as redes das artes dos *miños* ou *volantas*, límpanse mellor.



Trasmallos e embolsado dun peixe. Cartel Consellería Pesca 1988

⁸ Cinco veces máis luz que a do interior.



Rapeta. Consellería de Pesca 1988

Para evitar isto as relingas teñen que ser máis largas que o aparello para que a tensión se produza na rede pechando as mallas. Ao pecharse non se cola o peixe. Pero tampouco é conveniente que se pechen de todo porque así o aparello agachase (faise pequeno) en altura. Ese é o motivo polo que a rapeta ten que vir pouco a pouco para que as mallas non pechen de todo e vaian collendo altura.

Tendo en conta estas cousas veríamos que o que sabe e entende ben a arte é capaz de armar o aparello 'ao punto': que ao traballar con el se tiras polas mallas, chega o momento que a relinga queda firme e non deixa tirar máis. O que sabe armar faino coa medida que el quere para que iso se cumpra e con iso consegue traballar con máis tensión, conseguindo o punto que el considera axeitado para pescar. A veces hai que facer probas dándolle máis ou menos relinga pois non sempre un bo aparello armado sirve para todos os lugares, para todas épocas do ano ou para todo tipo de peixe. Nestas pequenas cousas estaba a diferenza e o considerar a alguén bo patrón, bo mariñeiro ... ou non.

Nunha rapeta o chumbo non debe ser moito, pero ten que ter unha proporción coas cortizas (flotado-

res) pois ten que ser posible manexar a altura desexada, ou para que non se prenda nas pedras. Cando a rapeta se engancha nalgunha pedra hai que facer manobras coidadosas para zafalo e as veces hai que ir á zona onde está preso e levantalo. Esta última operación faise tirando dunhas cordas con cortizas que a modo de sineras pode levar o aparello. Cando se traballa nunha praia que coñeces e esta é limpa ata lle podes poñer máis chumbo, incluso cadeas, para aproveitar tamén os peixe ou moluscos que haxa no fondo.

O bou:

É unha arte que se utiliza para coller peixes, crustáceos ou moluscos de fondo: linguados, centolas, rodaballos, polbos...

Como hai que levantar o peixe, moluscos... que viven no fondo, o modo de armar o aparello sería distinto ao mencionado anteriormente coa rapeta, terá que ter máis chumbada que aquela. O bou tamén se diferencia da rapeta, que era un aparello máis grande para pescar en altura, en que é máis pequeno porque pesca polo fondo, a veces levanta só 1-1,5 metros. As mallas teñen que ser pequenas á forza.

A relinga será máis curta que o aparello, para que, cando se tire, a tensión sempre sexa pola relinga, non polos panos da rede. Un dos motivos é o feito de que se enganchas no fondo con algunha pedra e tiraras pola rede esta rompería con facilidade pois é por onde tiras. O problema económico sería grande para os mariñeiros. Iso tamén fai que no bou non se utilicen as mallas grandes, teñen que ser mallas pequenas porque senón marcharía o peixe dado que o aparello viría en banda...

E así seguían as conversas, falando da pesca co bou de altura, da parella, da baca... que quizais sigamos contándolas máis adiante...



Rede do Bou



Convenio entre os Patróns de xávegas dos portos de Bueu e Beluso en 1814¹

Lino J. Pazos

A historia había repetirse ata a saciedade nas nosas rías, onde armadores, patróns e mariñeiros vivían enleados en continuos conflitos de intereses, conflitos que chegarían ata xa ben entrado o século XX.

Neste caso que agora intentaremos tratar, apréciasse un achegamento entre os patróns, arroupados sen dúbida algunha polos fomentadores, que ao fin e ao cabo serían os que comprasen a sardiña, dos portos máis importantes deste tramo da nosa ría, coñecida como de Pontevedra (ou de Marín), como eran Bueu e Beluso, tan significativos un como o outro, en cuestións de capturas, barcos, armadores e capacitados homes de mar.

Para iso, e despois de sonados enfrontamentos, tanto no mar como logo en terra, e por intermediación do propio Cabo de Mar de Bueu, decídese celebrar unha reunión entre as partes encontradas nas que se procuraría poñer orde nas discrepancias entre os patróns dos dous portos, que, sobre todo, se circunscribían ás horas e lugares onde poder largar as xávegas, aparellos que en moitos casos quedaban enredados uns cos outros debido a querer facelo no mesmo lugar dous ou incluso

máis tripulacións á vez, chegando a enfrontamentos que pasaban do verbal ao lanzamento de toda clase de obxectos, maioritariamente pedras, que previamente cargaran nos barcos.

A pesca da xávega estivera prohibida un tempo ante a preocupación das autoridades pola falta de

sardiña nas rías, asunto que quedou resolto no último terzo do século XVIII, segundo vemos nun documento datado en 1786 referíndose aos pescadores do fondo da ría: “Conformidad de una Real Orden que les está comunicada por el Sr. D. Mariano Mateos de Rouco, Comisario Real de Guerra y Ministro principal de Marina de esta provincia por la cual se (recibió) la piedad del rey Ilustrísimo Sr. (que D. G) conceder la libertad a todos sus marineros matriculados de su real Corona pudiesen pescar la sardina con todo género de redes, privando solamente el Bou catalán, no siendo de este género la nombrada Arte o Jávega que antes de ahora se permitió redar con ella en los mares de este Reino, confesando los otorgantes como lo hacen no ser nociva para la cría y pasto de la sardina, respecto esta no desova en las ensenadas de las rías de este citado Reino como se quiere interpretar por algunos facul-



Sinaturas dos participantes no convenio (AHPPo)

¹ AHPPo.1462, f.169/172.



A xávega (Diccionario Histórico de los Artes de la pesca nacional... Sañez Reguart).

tativos, y si lo hace en las alturas de la mar, como lo tiene acreditado la experiencia por y desde dichas alturas principia a bajar por últimos de abril y sigue los más meses a las rías a tomar pasto en sus ensenadas de ellas y aguas dulces, llegando a ellas sin escama, y luego que tiene esta y bragales vuelve a desaparecer de dichas rías principiando a ejecutarlo por enero y febrero, desapareciendo de ellas totalmente que va a desovar donde hay alturas por cuyos motivos de ningún modo puede ser la citada Arte perjudicial a la cría”.²

Volvendo ao noso convenio, unha vez coñecidas, e postas sobre a mesa as desavinzas citadas, deciden deixar por escrito e asinar ante “D. Melchor González, Teniente de Bombarda de la Armada y Ayudante Militar de esta villa y su Distrito”, os acordos alcanzados; para isto desprázase o 24 de outubro de 1814 unha comitiva ata a veciña vila de Cangas formada por, “Fernando López, Fernando García, Pedro de la Rúa, Benito Piñeyro, Josef Gabriel de la Rúa, Francisco Agulla y Manuel Troncoso, Patrones de las siete Artes correspondientes al Puerto de Bueu, y Bernardo de la Rosa, Antonio Pérez, Josef Pérez, Josef de la Rosa, y Josef Santos, que lo son de las

cinco del Puerto de Beluso, con Cayetano Fraguas, Cabo de Mar de aquel Puerto de Bueu, manifestando las desavenencias y desórdenes que observan entre sí mismos por falta de un método que les organice y sirva de norma para los días, oras, y orden que deben observar y tener para largar los expresados aparejos de Artes (xávegas), evitando así recíprocos perjuicios con los intereses de la pesca y artefactos, y también no contravenir de manera alguna a las órdenes de sus superiores en esta materia; y por lo tanto, siendo de su parecer el único y más acertado para el efecto formar un Documento Convencional ante su Jefe inmediato el referido Sr. Ayudante, y por fe de mí escribano, para que sirva de tal auténtico, y que ninguno tenga que alegar y exponer cosa en contrario, así todos reunidos y presentes en plena conformidad dijeron: ser las cláusulas siguientes”.

Seguramente que chegar a un acordo entre as partes non foi asunto de fácil solución, pero ao final, o sentido común prevaleceu, e o conseguiron; as condicións do “convenio” quedarían plasmadas sobre papel e ante notario, o que lle daba visos de continuidade no tempo. As partes acordan, para evitar en-

² AHPPo.220, T. 6, f.44.

frontamentos e malos entendidos unha serie de normas que serán de obrigado cumprimento, como a de que, “*de ninguna manera se largue aparejo alguno antes del día primero de noviembre desde la puesta del sol del sábado o víspera de día de precepto, pero durante la cosecha, es decir, desde dicho día primero de noviembre hasta el último de enero*”, e porán verificarlo so, “*después de oída la misa, y a fin de que no aya competencia ni disgustos es condición, que alguien esté de luz (primeiro lance da mañá) en tales días de precepto de misa no podrá apurársele hasta las nueve del día. Hora en que se le considera haber hecho aquella obligación.*”

Que las vísperas de domingo o días de precepto si el que está tirando no tiene diez cuerdas en tierra cuando ya el sol pasó de bañar el río no podrá largar el que sigue quedando de luz (de primeiro) para el día siguiente que pueda trabajar”.

A obriga de ir a misa, neste caso os domingos ou os luns antes de saír a faenar, viña de moi atrás: En 1577, convocado o concello de Pontevedra a *campaña tañida* (a toque de campá) acordan establecer unha nova ordenanza que rexa no futuro o traballo das xentes do mar, incluso as obrigas relixiosas dos mariñeiros e pescadores, indicando nun dos apartados que os mareantes non poderían traballar os luns, sen que antes de saír ao mar non foran a escoitar unha misa polas ánimas en Santa María (Pontevedra), advertindo que os *contraventores*, “*si fuere un*


*particular pagaría una libra de cera (de sanción), y si fuese cerco, mil maravedies, de los que respondía el atalieiro*³; aplicándose las penas para la Cofradía del Cuerpo Santo”⁴.

Retomando el “*convenio*”, se acordaba que “*ninguno podrá largar dichos aparejos con más de diez y ocho calas de a cuarenta brazas cada una; después que haya largado el que le corresponda al tiempo de ponerse el sol, no podrá verificarlo otro alguno hasta que lo haga el que esté de luz (primero de la mañana siguiente), y (así) sucesivamente los que le correspondan cada uno por su vez.*”

Que nadie pueda largar en la Playa de Bueu, ni en la de Beluso, ni por la parte de la Ría, ni por la de la Mar, sino las dos artes parejas en aquella, y en esta una sola.

Que tampoco podrá apretar (apremiar o entorpecer) uno a otro que hasta el que esté tirando tenga ya diez cuerdas en tierra”.

Neste “*acordo*” regulábase incluso o tempo dispoñible polos barcos en cada lance, para evitar malas intencións e demorar en exceso a operación, sobre todo no solpor. Así, acordouse que “*solo podrá tardar el término de una hora en largarse el aparejo desde la salida de la Playa hasta volver a ella con el cabo último puesto en tierra, y otra hora en tirar hasta el cabo que hace diez, para que pueda largar el que sigue (outra lancha) de vez*”. Sabendo que algúns dos máis atrevidos intentarían sortear o acor-



Nomenclatura do aparello de xávega

³ Atalieiro: membro importante na pesca ao cerco encargado de observar a presenza nas augas da ría do cardume da sardiña. PAZOS, 2024.

⁴ A Barca da Merced. Un servizo de pasaxe entre San Salvador de Poio Pequeno e a Moureira de Pontevedra.



Halado dunha xávega desde a praia

do, advertíase que se actuaría sen contemplacións contra os que o incumpriran, castigándose, ademais de coa retirada da pesca, incluso con penas de cárcere para os infractores: *“Estas son las condiciones y clausulas en que unánimemente se han convenido los otorgantes como cabezas de los respectivos Aparejos y responsables por lo tanto a los excesos que cometan a las mismas que lo serán todos los demás tripulantes e individuos de matrícula, para cuyo efecto asimismo se les hará saber por el Cabo de Mar y Patrones de Orden del referido Sr. Ayudante, pues por todas las condiciones aquí señaladas y son puestas y dictadas después de tomados los informes y noticias de hombres peritos en la facultad por su larga experiencia, quedando así sujetos los que los subscriban a las mismas condiciones y penas que se señalan para el mejor gobierno y tranquilidad del Gremio.*

Y así pues, para conseguir el objeto a que se reunieron hoy y haya algún castigo para el contraventor o contraventores a cualquiera de las cláusulas aquí escritas, fueron de opinión conforme entre sí

misimos sufran el de quince días de cárcel y la pérdida de la pesca que cogiere en el lance que cometió el exceso, la cual beneficiada se depositará para un fondo de la marinería de los repetidos dos puertos de Beluso y Bueu a fin de que le sirva para sus atenciones, y esto sin perjuicio de subsanar los daños que ocasiones y demás providencias en justicia a que diese lugar por su exceso”.

O acordo, que se consideraba de xeito evidente beneficioso para as dúas partes, comprometía aos actuais patróns, e aos que, por diferentes causas ao longo do tempo tivesen ao seu cargo esas embarcacións e aparellos, obrigándoos *“a su rigurosa observancia, como la verifican los más que sean sus sucesores en la patronía de dichos armamentos, sujetándose por lo que a ellos toca con sus personas y bienes a su cumplimiento, y dieron poder a los señores jueces y justicias competentes para que así se lo hagan guardar como por sentencia pasada en cosa juzgada y consentida; renunciaron las Leyes, fueros y desde hoy de su favor, y la que prohíbe la general en forma”.*

Ao acto da firma, levada a cabo ante o notario de Cangas, Pascual de Juncal, estaban presentes, o *“Comisario Real de Guerra y Ministro principal de Marina de esta provincia, Sr. D. Mariano Mateos de Rouco, el Cabo de Mar de Bueu, Cayetano Fraguas”*, e, en calidade de testemuñas, *“D. Manuel Antonio Fandiño, D. José Benito Arís, y Mateo Valledor, vecino el primero y residentes los segundos de esta villa”.*



Pesca de arrastre ao Bou

A Ons expropiada: Familia Riobó. Ministerio do Exército. Colonización. Centro cívico.

Breve resumo de investigacións a realizar

Celestino Pardellas de Blas

A historia contemporánea desta illa está por analizar coidadosamente. Aínda que xurdiron pequenos traballos, sería necesaria unha investigación exhaustiva de certos procesos que se foron desenvolvendo dende 1810, ano no que comezou a última repoboación de Ons por mor da construción dunhas baterías de defensa.

Vou intentar resaltar aquí unha serie de cuestións que se deberían analizar en profundidade dende ese ano, aínda que neste pequeno artigo quero centrarme en pequenos datos a examinar e que provocaron a emigración forzosa dos aunienses cara ao continente a partires da década de 1960, quizais, por unha mala xestión do Instituto Nacional de Colonización. Comezarei esta historia no ano 1919 no que se producen algúns feitos importantes a investigar.

A illa “pertencía” dende 1919 á familia Riobó. Despois de varios episodios confusos, que habería que supervisar xuridicamente, en 1921 “asínase” un Acto de Conciliación polo que os “Colonos da Illa” recoñecen, como dono absoluto de Ons, a Manuel Riobó. Este documento habería que estudalo en profundidade por persoal especializado para comprobar que non se cometeu ningunha irregularidade, tendo en conta o grao de analfabetismo da maioría dos aunienses da época. Este sería un *Primeiro punto de estudo* nesta etapa que imos describir.

A partir de 1931 faise coa propiedade da illa, e da Sociedade limitada que se creara un ano antes, o fillo de Manuel Riobó, Didio. En xullo proclámase a República e nos anos seguintes van xurdir problemas entre os veciños e Didio debido a que a pesca e a gandería non daban os resultados económicos esperados por mor dos gastos que tiña, e a repoboa-



A familia de Didio Riobó no seu barco abarloado ás pedras que facían de peirao, a carón da Praia das Dornas.

ción forestal que intentaba levar a cabo non ía arriba debido á dedicación dos terreos á agricultura e ao forte pastoreo existente, que decide, como bo republicano que se tiña, intentar que a Illa pasara a mans dos veciños indemnizándoo cunha xusta cantidade.

Aínda que estivo a piques de conseguirse, entre outras cousas, pola axuda que o mestre destinado en Ons Fernández Cambeiro levou a favor dos veciños, pola posición positiva de Riobó ao respecto co

fin de evitar os graves problemas que estaba tendo cos aunienses e, sobre todo, polo seu, xa grave, problema económico; e aínda que chegou a realizar continuas viaxes a Madrid para que o goberno republicano buscara, coa compra da illa, unha saída aos problemas que tiña cos aunienses, o caso foi que non o conseguiu, e co estalido da Guerra Civil, todo se veu abaixo.

Comezada a sublevación franquista, Bueu rapidamente é tomada polos insurxentes e dá comezo unha “caza de bruxas” comezando, como narra Marta Lemos¹: “... *un período escuro de vinganzas persoais e políticas, de detencións, de fusilamentos, de desaparecidos,...*”, aos que non foi alleo Didio Riobó polo seu respaldo á República, pois ocupara cargos públicos e políticos.



Didio Riobó coa súa muller María Antonozzi.

Estes sucesos vanlle provocar discordias, segundo parece, con persoas que consideraba amigas debido á súa posición social, pero que, coa proclamación da República e a súa adhesión a esta, provocou, sobre todo cos novos industriais conserveiros, unha serie de conflitos que coa sublevación van a ir a máis.

É aquí cando comeza un tempo escuro na vida de Didio, pois tendo posibilidades de fuxir e, supostamente algúns amigos, sen embargo acabou “suicidándose” na propia Illa aos dous meses da insurrección franquista. Que pasaría para chegar a tomar esa

determinación? Cal sería a posición dos seus, supostos amigos, como a familia Massó? Como foi quen de axudar a outros a fuxir e el non o fixo...? Poderíamos seguir poñendo dúbidas sobre a determinación que colleu, por iso sería un **Segundo campo de estudo**, bastante complicado de levar a cabo hoxe, pero que non estaría de máis o intentalo, sobre todo para coñecer a verdadeira relación que tiña coa familia Massó que, a partir de agora, vai tomar relevancia para o terceiro campo de estudo.

Trala morte de Didio, a familia, é de supoñer, que colle medo ante a situación política e represiva que se estaba levando en Galicia, e deixa todo en mans da muller de Didio, María Antonozzi, entre outras cousas, porque era a maior accionista da sociedade montada polo seu home. Pero esta, toma unha decisión que poderíamos considerar estraña ou, polo menos, inesperada, como foi marchar para Arxentina, de onde era oriúnda, e deixar a administración da illa e da sociedade aos irmáns Massó: Gaspar e Antonio.

Segundo parece Antonozzi tiña unha boa relación coa familia Massó, do que podemos deducir que Didio tamén; sen embargo xorden dúbidas sobre si esa relación de amizade, neses anos de República e por razóns político-económicas, xunto a outras posibles causas, se deteriorara o suficiente, provocando a falla de axuda, no intre da sublevación franquista, dos Massó ao matrimonio Riobó e evitar a súa persecución, axudar na súa fuxida e, con iso, evitar o suicidio.

Esta confusa e complexa decisión tomada por Antonozzi, e que os irmáns Massó a acolleran sen problema ningún, tendo en conta o momento político e que era unha illa e sociedade propiedade da viúva dun recoñecido republicano, dá moito que cavar e ata especular sobre os verdadeiros motivos polos que, os Massó, toman o control da administración dos bens de Antonozzi. E este, podería ser un **Terceiro campo de estudo**, incluíndo nel, quizais como algo positivo, que Gaspar Massó puxo orde

¹ Marta Lemos Jorge. “A bordo das Ons”. Concello de Bueu. 2013.

² Supoñemos que os Massós eran adeptos ao novo réxime. Eran coñecidos empresarios e moi respectados. O temperamento destes, distaba moito da tranquilidade e moderación de Didio Riobó. A situación política non estaba para reivindicacións veciñais sobre a propiedade. ... Todo isto puido influír en conseguir tranquilizar aos veciños de Ons e lograr que pagaran o arrendo agrícola puntualmente. O que descoñecemos e se conseguiu cobrar os case dous anos de atraso que levaban.

na relación cos aunienses, intentou poñer a sociedade ao día, comezando por conseguir que todos os veciños pagaran o Arrendo Agrícola.²

Poucos anos estivo ao fronte da Sociedade Gaspar Massó. Por unha parte Antonozzi quería desfacerse o antes posible desa propiedade. Por outra, os Massó tiñan que atender aos seus negocios, aínda que a administración da Illa parece que non daba problemas e non lle ía mal. Pero aínda así, xorde a dúbida: Ons seguía sendo propiedade da familia dun republicano e supoñemos que iso non agradaba ao novo réxime, de aí que haxa que buscar unha solución. A opción que atopan é a Expropiación, que se vai concretar no ano 1942.

E é neste punto cando comeza o *Cuarto campo de estudo*. Non se pode expropiar sen causa xustificada, hai que buscar un motivo. Cal é o motivo que busca o Ministerio do Exército para levar a cabo a expropiación? A teoría que correu de boca en boca, sen haber ou coñecer un documento claro que o afiance, é a necesidade estratéxica en caso de conflito bélico, xurdindo como soporte a esta teoría, sen saber moi ben de onde saíu, o crear unha Base de Submarinos, en especial, para axuda aos exércitos das nacións amigas que se atopaban en contenda en Europa, Alemaña e Italia.

Pero, podemos crer verdadeiramente que o réxime franquista, que viña de rematar unha guerra civil, cun país esnaquizado, cunha economía polo chan, sen recursos económicos,..., vai levar a cabo a infraestrutura necesaria que precisaría Ons para servir de base para submarinos? Só hai que ver a súa contorna mariña para comprobar que case sería imposible realizala. Como moito, habería algún espazo onde lograrían estar fondeados, pero non poderían cubrir as súas necesidades primordiais de arranxo ou reparación, de avituallamento, sería complicado atender a enfermos ou feridos,..., e quedarían facilmente vulnerables a calquera ataque.

De ser necesario un lugar de abrigo para submarinos, terían sen problema as augas das rías Baixas,

onde si atoparían a mínima infraestrutura que precisaran. De aí que coidamos que ese non foi o motivo, aínda que habería que pescudar nos arquivos do exército, pois levar a cabo unha operación económica dese calibre, case un millón de pesetas neses tempos de penuria, algún argumento sólido haberá en documentos que saquen á luz os auténticos motivos que esgrimiron para que o réxime estivese de acordo en realizar a expropiación.



Jesús Acuña, con boina, era o cabezaleiro de Ons co Ministerio do Exército

Dende logo, eu seguirei pensando, que o verdadeiro motivo foi buscar un xeito legal de facerse coa propiedade dun republicano, pensando que o investido na expropiación, co tempo, recuperaríase xa fose polas boas condicións pesqueiras e agrícolas que ofrecía Ons ou por unha posterior venda ou aluguer para desenvolver nela algún tipo de industria ou negocio.

De feito, agás un retén do exercito ou falanxista que estivo durante uns anos na Illa, e algunhas manobras que realizaron nela a Escola naval e as Coes, nada, militarmente, se fixo que xustificara a súa expropiación polo Ministerio do Exército. Máis ben pola contra, seguiron coa idéntica administración que levou Gaspar Massó nos poucos anos que a tivo ao seu cargo, e o peso de toda a xestión levouna o auniense mellor preparado daquela, Serafín Acuña, como Cabezaleiro que, en pouco tempo, herdou o seu fillo, Jesús Acuña, que a rexentou ata o ano 1968 que, por mor dunha grave enfermidade, morreu a idade de 47 anos.

Jesús Acuña, foi o verdadeiro artífice da boa marcha administrativa deses case 25 anos de dirección militar. Como persoa preparada e moi respectada, foi quen de levar con bo proceder as relacións entre os veciños e o ministerio, nuns momentos en que a situación económica do país era complicada; sen embargo en Ons, aínda vivindo nun estado máis que precario pola falla dos servizos mínimos, a poboación aumentaba, porque posuían unha agricultura de autoconsumo suficiente e, con respecto á pesca, ían gañando uns cartiños que, co seu aforro, facilitaron logo o seu despunte económico.

Jesús, posibilitou que o exército permitira a construción de vivendas aos novos matrimonios, que houbera unha boa harmonía entre a veciñanza,..., e que, despois de moito solicitar e reclamar, por fin a electricidade chegase a Ons, aínda que dun xeito moi feble, con escasa potencia e con poucas horas de luz, pero que foi todo un avance na precaria vida insular auniense.

Nesa situación e vendo o Ministerio do Exército que Ons non traía ningún beneficio nin estratéxico nin económico, deciden que debería de cambiar a administración e xestión da Illa. É por iso que a principios da década de 1960 comezan os trámites para mudar de organismo administrador, pasando a Agricultura e dentro desta, vaise facer cargo o Instituto Nacional de Colonización. E é neste punto cando comeza o *Quinto, e último, campo de estudo*, con referencia a esta etapa (1919 – 1970) que estou a describir e comentar neste pequeno artigo.

Cando se responsabiliza da xestión de Ons Colonización, con moi bo criterio e para coñecer de primeira man a verdadeira situación na que se atopaba a illa e a súa comunidade veciñal, encárgalle a un dos seus enxeñeiros que realice un Estudo sobre a situación xeral deste arquipélago. Ata alí se despraza un dos seus técnicos, que vai realizar un excelente traballo de campo grazas á colaboración que vai ter de Jesús Acuña, que nese intre seguía desempeñando a función de cabezaleiro, para coñecer de primeira man e de boca dos veciños, a situación precaria en servizos que tiña Ons, primordialmente, a falla dun peirao de abrigo, e as necesidades, carencias e miseria na que vivían os seus moradores.

Hai que resaltar o magnífico traballo realizado por este enxeñeiro, Francisco Contreras Brotóns, pois realiza un exhaustivo Informe, denominado: *Problema Social de la Isla de Ons*. Nel, a carón dunha profunda explicación da precaria situación da illa e veciños, resalta tres puntos como transcendentais:

-Necesidade de maquinaria agrícola.

-Pasara a propiedade das terras aos veciños.

-E a mellora e construción dun novo peirao *como principal obxectivo*.

Nin en Galicia, nin en Madrid fixeron caso dese primeiro Informe. Quizais lles era moi complicado e revolucionario, podería traer complicacións políticas,..., e sobre todo, económicas. Polo que, tiraron polo máis doado, levar a cabo en Ons o que se deu en coñecer polo: “*Plan Badajoz*”, que consistía en crear unha serie de instalacións para servizos e uso veciñal, ao igual das que estaban realizando por me-

dia España, pero que, en Galicia e para máis nunha illa, non ía dar o froito que si daba noutros lugares da xeografía estatal; como así foi.

Para iso, encargaron un novo Informe, pero poñéndolle ao responsable da súa elaboración, as condicións e parámetros, de por onde tiña que ir para a súa presentación e aprobación en Madrid. E, así foi realizado e aprobado, traendo a Ons unhas edificacións e infraestruturas, fóra da realidade e necesidades da illa que, como foron clasificadas máis tarde “*Durmiron un soño letárxico de inutilidade*”, agás unha das aulas e unha vivenda escolar.

Esa falla de empatía de colonización coas verdadeiras necesidades dos veciños, a carón de poder comprobalo in situ pola falla de utilización desas edificacións durante 10 anos, demostrárono no 1975, cando faise cargo da administración da Illa o Irida. Este novo orga-

nismo encarga outro Informe e, os seus redactores, tamén, cun importante traballo de campo, notifican as mesmas urxentes necesidades que unha década antes foran notificadas no primeiro Informe de Colonización, co agravante demostrado de que, por non ser atendidas no seu momento, estaban a provocar unha emigración forzosa dos veciños de Ons cara ao continente.

A situación, no 1965, dos veciños da illa estaba, entre os que podían arriscarse a emprender un novo camiño nas súas vidas aventurándose coa merca de





Barrio de Curro, onde Colonización construíu o Centro Cívico. Encadradas as edificacións realizadas.

barcos a motor, e os que, ante unha situación económica precaria, pero non pesimista, estaban á espera de acontecementos.

Os que se arriscaron, tiveron que poñer en circulación os seus poucos aforros, vender o gando e empeñarse para mercar ese barco a motor que lles ía a sacar das limitacións do traballo na dorna; e con iso, deixar de depender de mediadores na venda do pescado e marisco, saír dos perigos e longos desprazamentos só coa axuda dos seus brazos e da vela, se había vento,... E, aínda por riba, ao non ter refuxio esas novas embarcacións na illa onde vivían, ter que establecer unha nova vida noutra localidade que dispuxera dun porto que lles dera protección aos seus barcos.

Esa situación foi a que se atopou o técnico de Colonización que realizou o primeiro Informe, e reflectiuno tal como a viu. Pero os responsables do organismo, miraron para outro lado e, aínda contando cun inicial e importante presuposto para comezar a súa andadura, foron ao doado, obviando as urxentes necesidades da comunidade auniense e decidiron a construción dun, denominado, Centro Cívico, que

para nada ía a remediar a precariedade de servizos na que vivían.

Houbo quen analizou aquel gasto e o alí realizado, sacando en conclusión que só cun 10-15% do importante aporte económico que daquela tivo Colonización para Ons, poñían a punto a Casa Agrícola de Canexol, convertida, na súa planta baixa en escola e na superior en vivenda para os mestres/as e o cura. Reparaban a capela de Canexol para os poucos oficios relixiosos que se celebraban. Poderían rehabilitar algunha das estancias da antiga casa dos Riobó, para unha suposta chegada dun servizo médico. Preparar o depósito de auga da Entenza,...

E co demais, ver a posibilidade de poñer a andar a actuación máis importante e imprescindible que tiña Ons e pedía a súa veciñanza: ***A construción dun porto de abrigo que dera refuxio á nova flota que estaba a xurdir.***

Ese Centro Cívico, resultou un fracaso, pois, agás polo uso educativo, non tivo a función para o que foi construído, provocou algúns problemas de convivencia entre os veciños (funcionamento do tele club),..., e estivo inutilizado ata que outra adminis-

tración (Icona), un decenio despois, fíxose cargo del. É como se Colonización traballara a dez anos vista, realizando unhas obras, que supostamente ían ser para usufruto, utilización, servizo dos veciños,..., pero que nuns poucos anos, pasarían a ser empregadas, en exclusiva, polos novos membros da administración xestora.

Esta mala actuación afundi o que quizais quería solucionar o Ministerio do Exército co traspaso de xestión, como era, que un organismo como o Ministerio de Agricultura e Pesca, dera resposta á principal necesidade que solicitaba a comunidade aunien-se, **a construción dun novo porto**, que evitaría a Emigración Forzosa, que xa comezara, e á que se vían abocados todos.



Peirao de Ons, un día de temporal e marusía. Imposible servir de resguardo a un barco.

Para dar remate a este **quinto campo de estudo**, dicir que, sobre a mala actuación de Colonización xurdiron varias teorías. A máis pretérita, argumentaba que houbo un enorme fallo á hora de escoller o organismo que se fixera cargo da xestión de Ons. Colonización non era o adecuado, habería que mirar outra institución ou departamento dentro de Ministerio que coñecera a realidade galega, que se decatara de que Ons era unha illa cunha economía pesqueira e unha agricultura de autoconsumo,..., e que as súas necesidades e servizos máis perentorios estaban relacionadas co mar e a pesca, e non coa terra.

A segunda teoría, a máis recente, fala de que Colonización, dende un principio, tivo como obxectivo: *Moderar o crecemento poboacional e reduci-lo a ser posible.*

Supoño que, para facer máis factible a súa vida insular. Unha teoría un tanto estraña, porque, aínda que a comunidade aunien-se baixara en poboación, as súas necesidades fundamentais, vinculadas á pesca e á busca dunha solución para a nova flota, ían a estar presentes igual.

Á vez, de querer levar esta teoría adiante, o mellor sería poñer en orde os servizos básicos máis importantes: escola, fontes, camiños, depósitos,..., e logo seguir cunha xestión parecida á que levara durante 20 anos o Ministerio do Exército, así habería unha mingua de poboación, case natural e non habería que meterse nun gasto inútil tan importante. Dende logo, o resultado ía a ser o mesmo: **A emigración forzosa dos veciños pola falla dun peirao de abrigo para a nova flota pesqueira.**

Ben, aquí deixo **cinco campos de estudo** que sería importante investigar por persoal especializado e dun xeito profesional, para afondar na Historia desta engaiolante illa do Parque Nacional.

Nas mans dos organismos xestores actuais, está o promovelos e impulsalos, e por eses derroteiros deberían ir as Subvencións do Parque Nacional, ampliando o seu radio de acción a toda Galicia, en especial a investigadores e á universidade, e non reduci-las só a catro municipios: Vigo, Bueu, Ribeira e Vilagarcía, o que deron en chamar Zona de Influencia do Parque Nacional.

Bibliografía:

-Marta Lemos Jorge. “A bordo das Ons”. Concello de Bueu. 2013

-Xulio Pardellas, Ricardo Arnaiz e outros. “Informe sobre las condiciones naturales y socioeconómicas de la Isla de Ons”. Santiago 1975. Inédito.

-Francisco Contreras Brotóns. “Informe relativo al problema social de la Isla de Ons”. Ourense. 1960

-M^a Jesús Otero Acuña. “Isla de Ons. Privilegio de la Naturaleza”. Ons. 2019

Memoria de Juanito Santos

Salvador Rodríguez

Juan Santos Ríos morreu na estrada, aínda que non de accidente de tráfico (non en balde cóntase que máis dunha vez rexeitou subirse a un coche a pesar de ser convidado aducindo un *“Non me subo, que levo présa”*). O seu cadáver apareceu na cuneta, entre a parroquia moañesa de Tirán e Cangas, o 4 de marzo de 1962 (un luns de antroído). No artigo “Morreu no camiño”, maxistral obituario, José María Castroviejo deixou escrito que *“A véspera tiñalle dado acobillo e conforto na miña casa. Ao día seguinte saíu dicindo que se encamiñaba cara a súa morada de Bueu. O seu feble corpo, castigado por intemperies e xaxúns, non puido acompañalo e cando fun avisado era xa todo unha pura agonía baixo o cierzo de marzo e o canto dos galos madrugueiros que lle cantaban a unha afastada primavera”*.

Diagnosticóuselle pneumonía e foi enterrado no cemiterio pontevedrés de San Mauro. Alí xace. O nome de Juanito Santos aínda permanece moi vivo na memoria do Morrazo. Aínda quedan quen se acorda dalgunha anécdota de Juanito... ou que polo menos a coñecen aínda que fose de segunda man. Claro que se o personaxe lles interesa, fágase cos libros correspondentes da triloxía “Los gozos y las sombras” de Gonzalo Torrente Ballester (adaptada no seu día para a pequena pantalla) e alí atoparase cun personaxe ao que o autor chama “Paquito, El relojero” que está inspirado no noso home e que procede das vivencias do escritor ferrolán, quen residiu durante varios anos da súa primeira mocidade en Bueu. Na serie de televisión (se é que a lembra) o personaxe de Paquito está interpretado polo actor

Manuel Galiana. Torrente non foi o único literato que fixou a súa atención en Santos. Tamén o fixo Álvaro Cunqueiro. E, por enriba de todos, o moañés José María Castroviejo, quen alardeaba, e con razón, de pasar por ser o mellor amigo deste poeta do viño, singular e inesquecible, ao que se lle atribúe a autoría de sentenzas de tan profundo calado como *“O viño ilustra, os libros entorpecen”*.



Juanito Santos

Da viúva de José María Castroviejo, María Francisca Bolívar, o veciño de Bueu Salvador César Fiel Caíño conseguiu, no seu día, pescudar algúns dos escasos datos que se coñecen de certo sobre a vida de Juan Santos antes de chegar ás terras do Morrazo. Son escasos pero acenden unha pequena luz nunha habitación que permanecía ás escuras.

Segundo María Francisca, Juan Santos nacería en Vigo e, á morte do seu pai, a súa nai e os seus irmáns

emigraron a Cuba, onde se calcula que permaneceron ata principios da década dos 30 do século pasado. De regreso a Galicia, instaláronse xa definitivamente en Bueu, e a súa primeira casa situouse moi preto de onde hoxe se ergue o edificio que substitúe á antiga Fábrica de Conservas Massó. Posteriormente, trala morte da súa nai, Juan Santos viviría noutras casas, unha delas no barrio da Carrasqueira, propiedade duns parentes seus. Cóntase que sempre que saía desa casa dáballe un bico á parede.

En abril de 1946, Álvaro Cunqueiro escribía no número 27 da revista “Finisterre” un artigo titulado “O Casal de Acuña” no que topamos pegadas de Juanito. Del extraemos este zumarento parágrafo: *“Creo asentir máis dunha vez á grave afirmación de Juan Santos Ríos de que o viño de temperán (tinta fémia) dá forza viril (...) Juan Santos, que é un antigo grego, aínda que militase na CNT e de cando en vez baixe da Carrasqueira a Bueu a ofender a decencia, sostén que todos os habitantes do Morrazo, desde os señores curas de Meira e Darbo ata don Rosendo, o axudante de Mariña de Cangas, e as súas fillas, debían beber semanalmente termo e non medio de viño temperán”*.

A de Juan Santos e o viño era unha relación, máis que apaixonada, devocional e, decididamente, espiritual. Non só era bebedor insaciable, senón tamén filosófico. Pero seguramente non sería a bohemia nin a sede viñateira de Juan Santos o único que chamaba a atención de egrexias plumas como as de Cunqueiro, Castroviejo ou Torrente. En Santos, eles ollaban un filósofo, un sabio, en fin, un home cultísimo, aínda que ningún acertase a saber de onde proviña todo aquel pouso de sabedoría.

José María Castroviejo escribiu en certa ocasión un emotivo perfil no que encomiaba as cualidades memorísticas do falecido: *“Juanito Santos sabe que o 10 de marzo de 1774 faleceu devorado polas vexigas Luis XIV, rei de Francia, mentres que Luis XVI foi triturado pola guillotina o 21 de xaneiro de 1793. Se interrogades a Juanito Santos polos acontecementos máis heteroxéneos, responderavos que*

Víctor Hugo publicou “Os miserables” en 1862, ou que en 1888 foi elixido don Eugenio Montero Ríos presidente do Tribunal Supremo, ou que o 8 de marzo de 1921 asasinaron a Dato, ou que o 12 de outubro de 1912 declaróuselle a hemofilia ao Zarevitch de todas as Rusias, ou que o 15 de maio de 1891 foi proclamada por León XIII a Encíclica Rerum Novarum, ou que o 5 de xuño de 1916 sucumbiron misteriosamente, a bordo do “Hansphire”, lord Kitchener e o seu Estado Maior, salvándose só por milagre doce mariñeiros e o seu can”.

Para José María Castroviejo, Juanito Santos era algo máis, moito máis que un personaxe digno de

ser inmortalizado literariamente. Foron grandes amigos, amigos de verdade, de maneira que Santos converteuse durante moitos anos no convidado máis habitual da casa dos Castroviejo en Tirán. Era o seu “familiar demo”.

Outra das ilustres amizades coas que contou Juan Santos foi a de Bene, fotógrafo de Faro de Vigo. Bene tamén escribía, e é autor dun artigo titulado “Juan Santos, o herbolario”. O extracto que incluímos na presente axudará tamén ao lector a facerse unha idea da personalidade do “druída do Morrazo”: *“Todos cantos coñecemos e apreciamos a Juan Santos sabemos que non é un esmoleiro, senón un carballo xeneroso, azoutado polos ventos e as maruxías do Morrazo druídico, que, polos misterios do fado, converteuse en ser humano (...)”*.

E pola súa banda, José María Estévez, no seu libro póstumo “Recoñecer Bueu” tamén reserva un espazo para Juanito: *Lémbra-selle con afecto, pois era un home que se na casa lle daba moitos traballos á súa nai, en troques, en liberdade pola rúa, sempre se portaba ben, a non ser que algún malintencionado tratase de molestalo (...) Víaselle algunha vez na plazoleta do Concello tomando a súa comida, por enfado na casa (...) Non lle interesaba moito a comida, pero se se lle convidaba a tomar unha “copita” de augardente, non a rexeitaba, e facía comparacións con outras “cañas” tomadas antes en Cella ou en Beluso”*.



Paquito el relojero en
“Los Gozos y las Sombras”

Federico Ribas Montenegro: A sombra dun esquecemento

Xaime Toxo

O día 3 de outubro de 1936 Federico Ribas chega a Buenos Aires procedente de Galicia acompañado da súa muller, a parisina Georgina Clotilde Bous-sange, no buque británico de pasaxe *Highland Monarch*.

O rexistro CEMLA (Centro de Estudios Migratorios Latinoamericanos) ofrece os seguintes datos de desembarque: Ribas Montenegro, Federico; idade, 45 anos; estado civil, casado; nacionalidade, española; profesión, artista/debuxante; data de arribo, 1936/10/03; buque, *Highland Monarch*; porto de procedencia, Vigo.

Abandonara Bueu horrorizado pola brutal persecución e represión que o Golpe de Estado militar fascista do 18 de xullo desencadeara entre aqueles que simpatizaban e defendían a legalidade republicana. Entre eles os seus amigos do que denominamos **O Grupo de Bueu**, persoas de recoñecido prestixio intelectual, artístico e literario que coinciden en Bueu e na con-

torna da vila en períodos temporais de variable duración no anos 1934, 1935 e 1936.

Podemos considerar que o núcleo do grupo estaría composto por: Rómulo Gallegos, Johan Carballeira, Gonzalo Torrente Ballester, Maruja Mallo, Alberto Fernández, José Suárez e Federico Ribas. Refírome a el como núcleo central porque outras persoas, de distintos ámbitos profesionais e culturais, teñen varios episodios anecdóticos de estadias en Bueu debido a relación que manteñen cos compoñentes deste grupo principal, por poñer un exemplo: Carlos Velo, Gonzalo Barrios ou Andrés Iduarte.

Federico Ribas é o primeiro de todos eles en “exiliarse”, aínda que debemos ter en conta que Rómulo Gallegos, venezolano de nación, regresara ao seu país en xaneiro de 1936, reclamado polo novo goberno democrático para facerse cargo da carteira ministerial de Instrución Pública. Despois de Federico Ribas, exiliaríanse en Buenos Aires Maruja Mallo e José Suárez.

Johan Carballeira, alcalde republicano, xornalista e poeta, será executado no mes de abril de 1937.

Alberto Fernández “Mezquita” foxe a Portugal e refúxiase na embaixada de Chile en Lisboa. Estivo un tempo detido pola PIDE e logo consegue viaxar a Venezuela.

Gonzalo Torrente Ballester, muda de ideoloxía e de bando e pasa a encadrarse nas filas do partido fascista Falange Española.



Federico Ribas



O Highland Monarch

No Grupo de Bueu danse dúas tendencias creativas: a literaria e a plástica/fotográfica. Á primeira pertencerían Rómulo Gallegos, Torrente Ballester e Johan Carballeira; á segunda, Maruja Mallo, Federico Ribas e José Suárez.

Neste traballo ímonos ocupar desta segunda tendencia, a plástica/fotográfica, e especificamente de Federico Ribas, en concreto do seu traballo **AS 6 ESTAMPAS DA REPRESIÓN EN BUEU**.



Gonzalo Torrente Ballester



José Suárez

Debemos ter en conta que todos eles na altura que tratamos, 1936, eran xa persoas cunha ampla traxectoria profesional ás súas costas e cun recoñecemento fóra xa de calquera dúbida sobre a valía e o talento demostrado a través de obras realizadas e expostas, publicacións, premios e participación en certames internacionais.



Xohan Carballeira

Xa que logo, a importancia do Grupo de Bueu é múltiple, polimórfica, poliédrica; un sen fin de fíos que tecen unha nutrición de araña que vai do persoal ao político, do local ao cosmopolita, dar arte nova á vangarda pasando polas novas correntes do formalismo e as estéticas triunfantes após da revolución soviética, as influencias do surrealismo e a revisión actualizada da tradición literaria no caso de Carballeira e o modernismo e o experimentalismo no de Gallegos e Torrente.

Federico Ribas xa tivera unha primeira estada en Buenos Aires no período comprendido entre os anos 1908 e 1912, o seu regreso a Europa nese últi-

mo ano faino para instalarse en París e no ano 1916 regresa a España para vivir entre Madrid e Bueu.

En Madrid, Ribas, ademais de conseguir un prestixio profesional de enorme magnitude, e facerse cos premios máis senlleiros no ámbito do deseño publicitario, participa activamente na vida social da capital e frecuentará habitualmente o mundo intelectual dos parladoiros que se celebran no Ateneo, na Casa de las Flores e La Granja el Henar. Aí, Ribas, vai coñecer, e farase amigo, da xeración de novos artistas e intelectuais galegos que estudan carreiras universitarias ou xa desempeñan oficios na capital do Estado:



Rómulo Gallegos Freire

Rafael Dieste, Pepe e Carlos Velo, Lorenzo Varela, Eugenio Granell, Cándido Fernández Mazas, Carlos Gurméndez. Con moitos deles reencontrárase anos despois en Buenos Aires e terán unha influencia estética decisiva na elaboración das estampas do terror e a represión, e de xeito singular Castelao.

A figura proteica e protectora de Ribas no exilio de Buenos Aires vai ser Constancio C. Vigil (Rocha, Uruguai. 1876-Buenos Aires, 1954), empresario, editor, periodista e escritor. Constancio Vigil contratará a Ribas como ilustrador principal da revista Atlántida e de varias coleccións de libros orientados a un público lector neno e mozo. Da editorial Atlántida foi Xefe de Debuxantes e no referente á revista Billiken, da mesma editorial para nenos, deseñou capas e debuxou en banda deseñada adaptacións de “Don Quixote da Mancha”, “A illa do Tesouro” e o “Mercader de Venecia”.



É a través de Ribas que Maruja Mallo, que chegara a Buenos Aires en febreiro do 1937, entre tamén a formar parte da plantilla de ilustradores da editorial Atlántida. Federico en Buenos Aires recupera por

unha banda, vinte e catro anos despois, a cidade abandonada en 1912, e pola outra intégrase transversalmente —el nunca tivera aspiracións políticas, non era ese o seu mundo— nun exilio ferido pola derrota, mancado polas liortas, os enfrontamentos internos, as sospeitas e as ambicións polas escasas migallas dunha influencia política que era máis fantasía que realidade.

O exilio republicano e galeguista en Buenos Aires ten a fortuna de contar coa acollida e axuda inestimable dunha emigración numerosa e organizada fundamentalmente arredor do Centro Galego, e con figuras de primeira orde no ámbito político como Castela, e no artístico/propagandístico, como Luis Seoane. Os dous van ter unha influencia decisiva na elaboración de **AS SEIS ESTAMPAS DA REPRESIÓN EN BUEU**. Castelao na orientación estética pola que Ribas

se vai decantar para realizar os debuxos, completamente afastada do que fixera ata ese intre; e Seoane como factótum e figura central da propaganda ilustrada que contra o réxime de Franco e contra o fascismo, que pairaba en media Europa, se realiza en Buenos Aires e na que participan Colmeiro, Ribas, o propio Seoane e Castela.

Mais hai unha información do que sucedía en Galicia que consideramos que xogou un papel de revulsivo moral e detonante para que Ribas botase man dos lapiseiros e emprender unha tarefa que, moi probablemente, viviu como un compromiso persoal imprescindible de realizar, mais tamén cunha dor insoportable. Non foi outra esta información que a

publicación no xornal *La Vanguardia* de Barcelona no ano 1938 dunha serie de artigos asinados por Maruja Mallo baixo o título de *RELATO VERAZ DE LA REALIDAD DE GALICIA*, publicados os días 14, 16, 21 e 26 de agosto do 38. Artigos e acontecementos que con total seguridade Ribas



Ana Mª Gómez González
"Maruja Mallo"

coñecera con anterioridade relatados pola autora de viva voz e no café Tortoni, punto central de reunión do exilio, sendo que os dous levaban en Buenos Aires máis dun ano traballando xuntos.

No último artigo, publicado o 26 de agosto, no apartado denominado *LOS MÁRTIRES*, cítase expresamente a tres persoas de Bueu que Federico e Maruja coñeceran e dos que foran amigos: Johan Carballeira, José de la Torre e Didio Riobó.

José de la Torre López, carpinteiro de ribeira na praia de Beluso, é asasinado o día 25 de setembro de 1936.

Johan Carballeira, alcalde, xornalista e poeta, como xa se dixo, foi executado o día 17 de abril de 1937.

Didio Riobo, industrial, suicídase na illa de Ons o día 3 de outubro de 1936.

Que son **AS SEIS ESTAMPAS DA REPRESIÓN EN BUEU...**

Son un conxunto de seis debuxos de carácter hiperrrealista, case con vocación —por suposto de testemuña— mais tamén de documento fotográfico, sen apenas regaña a ningunha interpretación subxectiva do que se pretende mostrar. Impónse a crueza da realidade impía dunha vileza deshumanizada. O afán de Ribas é o de exercer na práctica de forense fotográfico e mostrar en trazos perfectamente perfilados os compoñentes do terror, o medo, a persecución, o abuso e a ignominia.

No primeiro dos debuxos, nun plano case único que cubre a maioría do encadre, aparece un home morto descamisado nunha praia, na beira do mar, os pés atados, as mans con restos de cordas nos pulsos... Claramente Ribas debuxa un cadáver devolto á terra polo mar. Un mar que, sen dúbida, é o mar de Bueu, porque o perfil dos montes do horizonte son doadamente recoñecibles dende os areais de Agrelo ou Portomaior. E debemos ter en conta que Ribas está debuxando en Buenos Aires ou ben de memoria ou botando man dalgunha das fotos do seu álbum persoal.

Cada un dos debuxos vai acompañado dun texto ao dorso e un título. Neste primeiro debuxo o título é: *Galicia quedou sen mariñeiros*.



Deseño de Ribas para un xantar en 1938 da sociedade "Unidos de Bueu".



Galicia quedou sen mariñeiros

O texto ao dorso pon: *O mar galego non quere homes que mataron os feixistas.*

O segundo debuxo, aínda na traxedia, é dunha expresividade e beleza extraordinarias. Representa a unha muller cuberta por un pano na cabeza, vestida enteiramente con roupas negras que lle cobren ata as mans; ao seu carón, un neno miúdo, entristecido, acompañado dun can, contemplan o baleiro con olla-



Quen vai facer os barcos agora

da perdida. Detrás deste grupo sufrinte aparece a proa dun barco de madeira a medio facer, asomando pola porta dun pequeno estaleiro. Eles están sentados á sombra do esqueleto do barco.

O título do debuxo é: Quen vai facer os barcos agora. O texto ao dorso pon: *El hijo de José de la Torre carpintero de Ribera: -Entón se mataron a paiciño que facía as lanchas e mataron ós mariñeiros qu'iban nélas xa non comeremos máis peixe miña naiciña!*



Negra sombra

O terceiro debuxo é un xogo de sombras e realidades nun cuarto que fai de centro de detención. Un home de blusa branca, que destaca con luminosidade de certeza, as mans amarradas, contempla a un garda civil armado que o vixía e do que só percibimos a sombra proxectada na parede, confrontada á sombra que proxecta a figura do detido.

Este debuxo só ten título, que é: Negra sombra, como o poema de Rosalía de Castro.

O cuarto debuxo tamén representa un espazo de detención do que só vemos como fondo unhas paredes espidas. A figura central é un paramilitar fascista, falanxista, requete ou garda cívico, uniformado de negro, correas de coiro e pistola no cinto, con emblemas na roupa da Cruz de Santiago e o Sagrado Corazón dos tradicionalistas, que ameaza a un



O cabaleiro de San Yago

nenos asustados e a un canciño que está con el, os dous anicados e engruñados nunha esquina, onde se protexen asustados.

O título do debuxo é: O cabaleiro de San Yago. O texto ao dorso pon: *Teño fame, teño fame... Pois vai comer á teu pai que fai unha hora que é fiambre.*



Mandaron a Galicia a mouros para substituir os homes asasinados

O quinto debuxo representa a unha muller calzada con zocos, pano branco na cabeza, saia e blusa, vai cargada á forza por un soldado mouro das tropas regulares de Franco cara a un milleiral onde padece-rá unha violación. O fondo é un conxunto de árbores entre néboas de amencida.

O título é: Mandaron a Galicia a mouros para substituir os homes asasinados. O texto ao dorso do debuxo é o seguinte: *Los moros en Galicia. El moro –muchu lluvia. Mucha lluvia. Pero muchas cristianas buenas.*

O sexto debuxo é dunha extraordinaria feitura técnica, está repartido en dous planos de concepción cinematográfica. Nun primeiro plano aparece o corpo dun home executado ao pé duns troncos de piñeiro, camisa branca atravesada por un disparo no corazón e outro disparo nunha sen da cabeza, que repousa ladeada sobre o chan, mostrando un regueiro de sangue que esvara pola meixela. No segundo plano do debuxo, no alto dunha devasa, aparecen sombreados dous gardas armados, suxeitando fusís nas mans, detrás deles hai unha camioneta con máis homes armados subidos no remolque do camiión. Semella que está amencendo.

O título deste debuxo é: Com' este morreron moitos. O texto ao dorso do di: *Los de ¡Arriba España! - ¡Ese ya no volverá a pedir aumento de jornal!*



Com' este morreron moitos

CANDO ti non estás, fica en min
o estraño sabor salgado das madeiras secas,
a margarida
de cores alaranxadas e tremendas que
olen
a días sollíos e abertos nas dunas de salitre,
o doce padal da cereixa que cae
(boca escura),
as gretas das cabanas que ousadas
retan

ondas con néboa,
a fragancia da area envolvendo os pés,
a humidade

dunha flor que se abre,
as algas recollidas e desecadas nun lombo
recibindo os ventos,
os arandos
da pube,

a suavidade que propicia chuvias de agosto
inesperadas,
a terra sulcada nun corpo vizosísimo,
as cortizas das mans,
as imaxes translúcidas e penumbrosas,
a rosa do deserto aberta entre as sombras,
os lagos abandonados,

as insuas herbacentas,
cando ti non estás, fica en min
un rebumbio certísimo
que me leva
nun fío
ata o van de home novo
(o dédalo esváese).

Lucía Novas



De artistas e arte ignorada: Habelos, hainos...

Ana Gil Medraño

A arte as veces atópase nos lugares mais inesperados. Sen ir mais lonxe, entre as xentes do mar de Bueu hai facetas que superan o que imaxinamos e as afeccións por temas do mar achégannos esta vez á vida e obra de Manolo Lamosa Martínez, nado en Beluso, onde é máis coñecido como Manolo *da Ghuela*. Embarcou con 15 anos e



Manuel Lamosa

traballou no mar durante co-renta máis. Nunca deixou de ir ao mar, ata xubilarse con 55 anos e como moitos outros do seu oficio téñen unha vida dura no seu haber, propia dos *“homes de ferro en barcos de madeira”*.

Son moitos os mariñeiros que ao alcanzaren a xubilación entreteñen o seu tempo practicando o

maquetismo naval, pero o que fai especial a Manolo é que estando aínda a bordo, xa ía facendo estas e outras moitas obras nos seus ratos de descanso. Semella difícil imaxinar a alguén facendo un traballo tan preciso dentro dun camarote, mentres o barco balancea ao son do mar...

Non podemos calcular canto tempo lle levaba facer unha destas obras porque, como el di: *“as veces tiña tempo pero nin inspiración nin ganas e outras veces tiña claro o que quería facer pero non tiña tempo, nin ganas”*. Aínda así fixo moitas cousas e todas elas teñen unha gran historia detrás.

1- O mapamundi. Na primeira foto podemos ver un mapamundi e varios barcos debaixo, dos que falaremos tamén. Con motivo do “500 aniversario do descubrimento da América” o autor quixo facer a súa orixinal



Mapamundi e maquetas

homenaxe, montando un “cadro de nós mariñeiros”, ao meu entender, mais que orixinal. Nel podemos ver as tres carabelas facendo a ruta ao novo mundo (realizadas en macramé). Dentro de cada continente implicado están, perfectamente elaborados, os famosos nós mariñeiros que tan típicos eran nesta época. Pero el dalle esta outra volta que o fai moito máis interesante que un simple cadro. Conta que a penas tiña sitio a bordo onde montar o cadro e rematouno no camarote do capitán, xa vindo para España. Era o único sitio onde cabía enteiro, aínda así, houbo que cortalo uns centímetros por falta de espazo.



Unha das carabelas realizadas en macramé



Rproducción da Kon Tiki

2- A balsa KON TIKI

As fontes de inspiración son diversas para el, por exemplo, estando embarcado no ano 1974, un compañeiro mexicano préstalle o libro “La expedición de la Kon Tiki” de Thor Heyerdahl (editorial Juventud) El séntese atraído pola historia, e xorde a inspiración, pódose en marcha para facer unha réplica da embarcación.

A expedición trataba de demostrar que se podía cruzar o Pacífico, dende as costas de Perú ata as illas do Mar del Sur (illas de Tuamotú/ Polinesia) nunha balsa feita con troncos de madeira de balsa, típica de Perú, na que seis intrépidos tripulantes se aventuraban para confirmar que era posible a teoría de que os poboadores das illas procedían da antiga civilización Inca. O nome do barco fai honor ao deus Tiki (fillo do sol)

Seguro que moitos xa coñecedes a historia, mais por respecto ao autor, non contarei máis detalles, para non facer *spoiler*.

3- Barco de xuncos: URU.

Esta vez inspirado nunha embarcación primitiva de xuncos “A expedición Uru” de Kitín Muñoz (editorial Plaza y Janes) Un novo equipo liderado por un español (kitin) fixo a mesma travesía 40 anos mais tarde. O mesmo Thor Heyerdahl se uniu ao grupo para facer unas millas con eles.

A balsa estaba feita por nativos en Bolivia e o mascarón de proa era una peza engadida posteriormente, unha cabeza de puma regalada por un artesán, realizada con xuncos de totora.

Realmente este foi o primeiro barco que fixo Manolo. Os xuncos foi recollelos pola praia de Lagos. Contábame el: - *“Tiña a idea na cabeza xa, leveinos para o barco e fun facendo... Non é feito a escala, aínda que as proporcións son bastante aproximadas ao orixinal. Traballaba no camarote, pero as veces ía para unha mesa que había na enfermería aproveitando que estaba libre.”*



Rproducción do Uru

4- Barco de cartón

Outro traballo interesante é esta fermosa embarcación feita de cartón ríxido das caixas do peixe. Esta vez inspirado nunha simple foto dunha folha de revista. *“Posiblemente é unha embarcación de orixe Exipcio, do Nilo. Hai unha replica no museo do Cairo, aínda que non se parece tanto como eu pensaba a esta versión sacada da foto que fixen eu.”*



Barco do Nilo



5 -Bote polbeiro e pertrechos varios

Non quería limitarse a barcos tan alleos e buscou un modelo da nosa terra, o bote polbeiro de Bueu.

Vendo as fotos é difícil de imaxinar o tamaño das pequenas pezas que leva o bote dentro, cada unha delas non supera os dous ou tres centímetros, o tamaño dun céntimo de euro, por facer unha comparación.

6- Outros barcos

Tén varios modelos inspirados en barcos clásicos, por exemplo este. Non sempre una imaxe recolle todo o que



se pode ver dunha obra. Hai moitas cousas que a miña cámara non pode captar: o cabestrante, a áncora, o temón, ... Por suposto que non lle falta detalle.

7- Miniaturas en botellas e bombillas

Tamén posúe unha ampla colección de barcos en pequenas botellas, incluso en bombillas de lanternas de man, pero das máis pequenas que poidamos atopar no mercado.

Esta arte é bastante frecuente entre moitos mariñeiros pero no caso de Manolo ten a súa dificultade engadida. Normalmente os barcos fanse fora das botellas e préganse, para introducilos no interior. Pero el arma todo o barco dentro. Todo un acto de minuciosidade, técnica e paciencia. É moi fácil dicilo, outra cousa é facelo así.





8- Variedades

Ademais ten outros traballos feitos con ósos da aleta dun peixe chamado burro, una variedade da familia do bacallao.



E por suposto que na casa dun artista podemos ver cousas tan orixinais como esta escada nunha árbore para subir a recoller os froitos. Ou mesmo unha mesa, feita dun carro de bois que ten unhas pezas a parte para ampliar, dende o eixo ata o carro, na que a familia ao completo pode agora degustar os manxares e gozar da vida en común. Esa vida en familia que non puido facer Manolo nos anos que estivo embarcado e que tanto se bota de menos, máis non só os que embarcan, tamén os que quedan en terra sofren a saudade, ben o sei.



A Illa de Ons como escenario de ficción

Francisco R. Pastoriza

A estrea en 2020 da película “Ons” de Alfonso Zarauza e a recente publicación da novela “Cuando la tormenta pase”, de Manel Loureiro, volven a utilizar á illa de Ons como un escenario natural donde situar accións contemporáneas da literatura e do cinema. Non é unha novidade que as paisaxes e o ambiente desta illa sexan utilizados como ámbitos ideais nos que situar historias de ficción.

ONS NO CINE

No ano 1948 rodáronse na illa de Ons varias escenas da primeira versión da película “Botón de ancla”, de Ramón Torrado, protagonizada por algún dos mellores e mais populares artistas da época: Antonio Casal, Jorge Mistral, Fernando Fernán Gómez e o asiduo cómico galego Tomás Ares, mais coñecido como Xan das Bolas. O guión estaba sacado da novela do político e capitán de corbeta José Luis Azcárraga Bustamante. A película era unha produción de Suevia Films, do vigués Cesáreo González. Esta película foi a primeira que se proxectou na inauguración do Teatro Cine Fraga de Vigo o 27 de marzo de 1948 (estreárase

unhas semanas antes no cine Avenida de Madrid, o 13 de xaneiro). No ano 1974 o propio Ramón Torrado fixo un remake desta película, que titulou “Los caballeros del botón de ancla”, tamén producida por Cesáreo González.



Ons foi utilizada asimesmo en escenas das sucesivas versións desta película como “Botón de ancla” en color (a rodaxe iniciouna Ignacio F. Iquino en 1960 e ramatouna Miguel Lluch), con Manuel Gil, o Dúo Dinámico e o humorista Gila co-mo protagonistas (o guión era de Ramón Torrado, quen dirixira a primeira versión). Algúns veciños da illa aínda recordan a súa participación como extras na rodaxe desta película.

Unha terceira versión da novela de Azcárraga Bustamante, tamén con escenas rodadas en Ons, titulábase “Los guardiamarinas” e foi rodada en 1967. Estaba dirixida por Pedro Lazaga e protagonizada tamén por artistas da primeira liña do cine español, desta época: Alberto de Mendoza, Julia Gu-tiérrez Caba e José Luis López Vázquez.





Antes de todas as versión de “Botón de ancla” xa se rodara en parte na illa de Ons, en 1946, a película “Mar aberto”, tamén de Ramón Torrado e tamén con Jorge Mistral e Xan das Bolas como principais intérpretes, coa compañía esta vez de Maruchi Fresno.

A produción era tamén de Cesáreo González. A banda sonora rexistraba temas en galego interpretados pola coral ourensá “De Ruada”. A película estreouse en Vigo o 27 de abril de 1946.

Cesáreo González foi un emigrante retornado a Galicia que intentou abrir a súa terra natal ao mercado cinematográfico internacional a través da súa produtora Suevia Films, utilizando actores e



Cesáreo González

actrices moi populares, incluso a nivel internacional, como a mexicana María Félix e os citados nas películas das que falamos. Coas películas que producía con Suevia Films trataba de chegar aos milleiros de galegos dispersos polo mundo e alimentaba a súa morriña coas imaxes de romarías e bailes populares, a música de gaitas e muiñeiras e as esceas de comidas con empanadas e pulpo á feira.

A película que mais e mellor utilizou as paisaxes de Ons é a titulada precisamente co nome da illa. “Ons”, dirixida por Alfonso Zarauza en 2020 e interpretada por Melania Cruz e Antonio Durán,



Protagonistas da película “Ons”

non só utiliza a illa como escenario senon que tamen respecta o seu nome, que noutras películas a penas se cita.

ALITERATURA EN ONS

Ademáis de servir como escenario de producións audiovisuais, a illa de Ons foi tamén territorio para narracións e relatos de ficción. Na súa novela “Ons”, de 2015, Carlos Meixide trata das vivencias de catro amigos que pasan un verán na illa. Unha historia de amor e amizade coa presenza dun misterio que descubren os protagonistas da trama. Ademáis da paisaxe illán están presentes algúns escenarios moi coñecidos polos visitantes de Ons, como as dúas tabernas, o faro e os camiños que levan dunha punta á outra da illa, dende o Burato do inferno á Praia de Melide e o Centolo.



“Cuando la tormenta pase”, de Manel Loureiro (Editorial Planeta, 2024), utiliza a illa de Ons como escenario de un thriller de novela negra. Esta obra, que gañou o premio Fernando Lara de novela no ano 2024, levou o nome de Ons a todos os recunchos por ser un best seller moi divulgado e lido. O autor pasou unha tempada en soidade na illa para inspirar a súa historia con mais veracidade.

Pero moito antes, en 1970, o coronel auditor da Armada e tamén escritor Amancio Landín Carrasco, no seu libro de relatos “Tropa de hidalgos y mareantes” (Editorial Prensa Española) sitúa na illa de Ons algúns destes relatos, como “Gente de la isla”, unha narración costumista na que fai unha louvanza da xente da illa e percorre algúns dos seus territorios.

En galego, Serafín Parceró publicou en Edicións Xerais a novela “As illas dos deuses”. Xogando coa realidade e a ficción, sitúa a Alfonso R. Castelao na illa de Ons durante un verán que pasara alí de vacacións. O político galeguista evoca aqueles días dende o seu exilio en Arxentina.

Na mesma editorial Xerais, Pedro Feijóo publicou en 2012 a novela “Os fillos do mar”, unha novela negra que combina a intriga e a aventura, con nazis polo medio. Algunhas esceas desenvólvense na illa de Ons, concretamente no Burato do Inferno, onde se agocha un tesouro que buscan os alemáns para financiar a invasión de Polonia.

E na literatura infantil hai que citar “O libro da illa de Ons” (A Nosa Terra, 2008) de Amalia Pérez, un conto no que unha nena, Sariña, sae de Bueu para coñecer a illa de Ons. Alí fai novos amigos, como o neno Mario e un trasno de nome “Illote” que a levan a coñecer a illa.



OUTROS LIBROS E AUDIOVISUAIS

Si non son moitas as películas e os libros de ficción que teñen como escenarios os naturais da illa de Ons, sí que existen moitos documentais e una ampla bibliografía sobre estas illas. Arturo Cidrás proporcióname unha listaxe dalgúns deles, que comparto con vostedes:


Documentais

- “A illa de D. Dídio” de Marta Lemos.
- Un capítulo de “O fío do retrato” de Valentin Carrera e Anxo Cabada.
- “Fóra do continente” de Nico Martínez Millán.
- “Soliloquio del farero” de Libre Producciones 2003.
- “A última dorna de Ons” de Anxo Cabada e Antón Davila.

Bibliografía sobre Ons

- “A illa de Ons, unha cultura, unha identidade” de Staffan Mörling.
- “Alá, no medio do mar” de Staffan Mörling.
- “Namoreime en Ons” de Staffan Mörling.
- “Faro de corazóns” de Manuel Felpeto.
- “Ons no meu corazón” de Julio Santos Pena.

- “Ons. Ondas do mar riso” de Emilio Araújo.
- “Isla de Ons” de M^a José Otero Acuña.
- “A bordo das Ons” de Marta Lemos.
- “La isla de Ons y Sálvora” de Fernández de la Cigona.
- “Cies y Ons, la ruta de las islas” de Fernández de la Cigona.
- “Illas de Galicia: Cíes, Ons, Sálvora...” de Fernández de la Cigona.
- “Ons, ondas I” e “Ons, ondas II”. AA.VV.
- “Ons no tempo” de Margarita Riobó.
- “Ons y Onza en los archipiélagos gallegos” de Margarita Riobó.
- “Ons, unha illa habitada” (dixital varios idiomas) de Paula Ballesteros e outros.
- “Buraco do Inferno: Toponimia mariñeira do mar de Bueu” VV.AA.
- “Con el viejo Bene” de Daniel Hortas.
- “Estudio florístico de la Isla de Ons” de Gaspar Bernárdez.
- “Flora da Illa de Ons” de María G. Souto e outros.
- “Ons, a arquitectura dunha comunidade desaparecida” de Pedro del Llano.
- “Guía das ermidas illeiras nas Rías Baixas” de Lino J. Pazos.
- “Ons, la memoria del faro” de María Eyo e Enrique Abati.
- “Ata aquí podo contar (A lingua na Illa de Ons)” de José Manuel Dopazo
- “Ons, a illa que navega no tempo” de Arturo Cidrás
- *Parques ten tamén varias publicacións como a de Illas atlánticas de Galicia



Artigos

Moitos artigos sobre Ons poden atoparse nos enlaces das revistas “Aunios” e “Os Galos”.

Por autores:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indiceAutores.htm>

Por revista:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indice.htm>

<https://descubrobueu.wixsite.com/bueu>



O bichero

AVILA



Arturo Sánchez Cidrás, o faro que alumea a historia de Bueu

David García Piñeiro

Na vida hai dúas clases de familia. A primeira é a que nos vén dada polos lazos sanguíneos e que, guste ou non guste, vén imposta. E logo está outra familia, que é a que eliximos ao longo do noso camiñar pola vida. Esa familia que escollemos di moito de nós: do que somos, do que queremos ser e de todo canto nos importa. O pobo de Bueu rematou o ano 2024 acubillando a un novo fillo, un fillo que non naceu na vila pero sen o cal sería difícil entender o pasado, o presente e incluso o seu futuro: o mestre e investigador Arturo Sánchez Cidrás (Loira, Marín, 1950).

O pleno da corporación municipal, nunha sesión extraordinaria e con certa solemnidade celebrada o 24 de novembro no Centro Social do Mar, distinguiu por unanimidade a Sánchez Cidrás como novo Fillo Adoptivo da vila. Esa proposta viña avalada dende distintos ámbitos, como o *Colectivo O Mar*

por Diante, Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais Os Galos, Museo Massó, librería Miranda ou o propio Concello de Bueu a través da súa Concellaría de Cultura. Unha distinción que une ao mestre e investigador a unha familia á que previamente xa se incorporaran outros persoeiros: o que fora presidente da República de Arxentina, Fernando de la Rúa (finado en 2019), que visitou oficialmente Bueu en outubro do ano 2000 e a quen Sánchez Cidrás lle entregou un arbol xenealóxico

sobre os seus antergos bueueses e que se remontaba ata outro Fernando de la Rúa, membro do Santo Oficio e fundador do pazo de Santa Cruz en 1659; o antropólogo sueco Staffan Mörling (distinguido en xaneiro de 2006 e finado en 2020); o sanitario Juan Veiga, nacido en Moaña e homenaxeado en febreiro de 2017; e tamén ao que fora alcalde de Bueu, xornalista e poeta José Gómez de la Cueva, máis coñecido como Johan Carballeira, que en setembro de 2015 foi recoñecido como Fillo Adoptivo (naceu en Vigo) nunha homenaxe para nomear fillos predilectos e adoptivos aos integrantes da corporación de 1936. Entre os moitos recoñecementos que ten recibido Sánchez Cidrás está tamén o Premio Johan Carballeira de xornalismo no ano 2015



A. Sánchez Cidrás /Foto S. Álvarez

O nomeamento de Arturo Sánchez Cidrás como Fillo Adoptivo de Bueu é ben merecido, aínda que non deixa de encerrar un paradoxo: este novo fillo en realidade xa adoptara ao pobo de Bueu moito antes. O seu traballo como mestre de xeracións de bueueses e bueuesas; a súa faceta de investigador que se plasma a través de artigos, libros, dese blog imprescindible que é acidras.blogspot.com, da web descubrobueu.wixsite.com e aquela revista escolar de "O Candil"; ou os milleiros de horas pescudando nos arquivos na procura de feitos, sucesos e historias que axudasen a entender o que é Bueu, só se



O alcalde e Arturo no nomeamento como Fillo Adoptivo de Bueu pode entender desde a paixón e o compromiso que un sente polo que é seu.

Moito antes de que Sánchez Cidrás fose nomeado Fillo Adoptivo el xa adoptará a Bueu e as súas xentes e considerábase como un fillo de corazón. *"Primeiro por ser un termo no que encaixo, xa que é usado para referirse a un fillo que non é biolóxico nin adoptivo, pero que é querido e coidado como tal. E en segundo lugar porque en Bueu fun medrando en todos os sentidos e precisei de ir agrandando o corazón para dar cabida a todos vostedes e ás mostras de afecto e recoñecemento coas que me agasallades a cotío"*, manifestaba el mesmo no seu discurso como novo Fillo Adoptivo do Concello de Bueu.

Vivimos tempos incertos, nos que non é raro pensar que a historia móstrase como algo cíclico ou repetitivo debido a aparición de pantasmas que pensabamos enterradas e superadas. Tempos nos que a inmediatez en demasiadas ocasións impónse á reflexión, nos que proliferan discursos cargados de titulares e frases rechamantes, que en numerosas ocasións non son máis que bulos e que non resisten ante a luz da razón e unha análise crítica.

Por iso convén facer caso dunha das reflexións que deixou Sánchez Cidrás na súa intervención diante do pleno e da veciñanza de Bueu: *"Debemos buscar a luz do saber, da memoria, das orixes, do acontecido... e falar menos. Si, falar menos, pero só porque hai moito que escoitar."* E para conseguilo *"é importante converter a utopía nunha meta, empatizar máis coas persoas e buscar respos-*



Arturo enarborando a bandeira de Bueu

tas a través dunha ampla variedade de testemuñas!" En resumidas contas, todo o contrario do que precognizan eses falsos profetas da verdade.

Se hai algo que quedou patente durante o nomeamento de Arturo Sánchez Cidrás como Fillo Adoptivo e que, a pesar do feito de que Bueu *"está presente no meu labor moitas horas de cada día dende hai medio século,"* o investigador non ten pensando xubilarse nin deixar de pescudar na historia da vila.

"Dende aquí reafirmo a miña dedicación ás súas xentes, que me acollen como un Fillo, mantendo viva a súa historia e raíces e axudandoa a consolidar o sentido de pertenza a este pobo," declarou. Unha afirmación que é sinónimo de novos libros e novas investigacións arredor de Bueu e a súa historia.



Arturo recibindo o pergamiño de recoñecemento

Ese compromiso que para Sánchez Cidrás é unha forma de vida é algo que todos e todas debemos agradecer. O seu labor de investigación e pescuda é impagable. Sobre todo porque estaríamos tremendamente errados se pensamos que o obxectivo é un exercizo de arqueoloxía para encher libros ou artigos. O pasado axuda a entender de onde vimos, o

que somos e, sobre todo, debe axudarnos a elixir ben a onde queremos ir. Decía o novo Fillo Adoptivo de Bueu que é certo que detrás do seu inxente traballo hai unha intención de preservar e dar a coñecer ese pasado. Pero o máis importante é o por que na busca desa memoria colectiva. Hai quen prefere que, dunha maneira ou doutra, siga enterrada e agochada na escuridade. O que fai Sánchez Cidrás é todo o contrario: rescá-

taa dos arquivos e traera á luz porque *"a memoria hai que aventala para que limpa de prexuízos sirva e guía no camiño da vida."*

A case interminable relación de traballos, artigos e libros que levan a sinatura de Arturo Sánchez Cidrás deixan outra ensinanza. Ese labor de investigación axúdanos a entender que a Historia, así con maiúsculas, non se compón unicamente dos grandes feitos, dos sonados descubrimentos en calquera eido nin das guerras ou revolucións que significaron cambios políticos ou que deixaron milleiros ou millóns de mortos.



O Nomeado co Alcalde e a Corporación no Pleno extraordinario

Na Historia as cousas non acontecen porque si, non xurden dunha nada que de repente estoupa. Todo o contrario. A Historia faise a través das xentes de calquera lugar, nútrese doutras historias e sucesos máis pequenos, que lonxe de estar aillados forman parte dun todo que ao final é o sustrato desa Historia con maiúsculas.

O mellor mestre ou o mellor investigador non é o que sabe máis cousas nin o que posúe máis coñecementos. Non se trata só de investigar e de amorear saberes e datos, senón de explicalos, divulgálos e contextualizalos para poder medir a súa relevancia. Iso é algo que leva facendo Arturo Sánchez Cidrás ao longo de toda a súa traxectoria vital, xa fose na súa faceta de mestre ou no presente como autor e investigador. No colexio de A Pedra exerceu a docencia durante máis de 35 anos e cando chegou o momento da súa xubilación resumiu de maneira certa a súa forma de ensinar: *"A miña filosofía era que os rapaces non estivesen amaestrados, senón que aprendesen a pensar"*. (8 de xullo de 2011 en FARO DE VIGO).

O mellor ese exemplo desa filosofía é a revista escolar "O Candil", na que a través dos seus números Sánchez Cidrás logrou implicar ao alumnado e ás familias para investigar e coñecer mellor a súa historia, toponimia, lendas, persoeiros... En definitiva, un traballo para descubrir, valorar e querer ao lugar no que naceron e ao que sempre van estar vencellados: Bueu. Un camiño que de paso serviu para alumar a capacidade de pensamento crítico, algo esencial para unha sociedade libre, democrática e informada.

Engadía o novo Fillo Adoptivo no seu discurso que *"a pesar de que os recoñecementos non sexan a finalidade do que realizo cada día, si me sinto profundamente agradecido da importancia e valoración que se fai do meu traballo e da miña persoa."* Ao longo da súa traxectoria Sánchez Cidrás foi I Premio Vila de Bueu en Recoñecemento ao Labor Cultural, Premio Ermelo e Premio Johan Carballeira de Xornalismo, todos indiscutiblemente merecidos.

Mais todo isto non debería impedirle ao Concello de Bueu dar un último paso, que sería actualizar canto antes o seu regulamento de honras e distincións municipais e incluír a figura do Cronista Oficial da Vila.

Nin que dicir ten que quen reúne todos os requisitos e méritos para esa distinción é este novo fillo adoptivo e de corazón de Bueu. Unha persoa que, máis que o candil que daba nome a aquela revista escolar, é un faro que alumea e mantén viva a historia e a memoria de Bueu. Un faro como o de Ons, que tamén é Bueu.



Exposición arredor da figura e traballos de Sánchez Cidrás na Sala Amalia Domínguez Bua

Aquelas parellas de vapores de Marín

Humberto Santiago Esperón

No nº 16 desta revista, a correspondente ao ano 2022 deixáronse sobre a mesa unha serie de temas que necesitaban un estudo, se cadra, mais profundo e de maior extensión que o abordado nas citadas notas. Un deles era o das parellas de arrastre de vapor, desde o seu nacemento ata a súa desaparición por varias razóns, non excluíntes, entre as que podemos contar a aparición e desenvolvemento das portas de arrastre, (u-sadas tanto polos bous como polas bacas), os maiores custos de ex-plotación da parella sobre o arrastre practicado cun só barco, a aparición do motor diésel, que proporciona maior potencia de tiro, e en definitiva toda unha serie de avances que abocaron á súa extinción, aínda que en certos caladoiros seguiron usándose como é o caso do bacallao, cuxa recente desaparición está ligada, en parte, á aparición do conxeador.

Con respecto ao incremento da potencia de tiro, hay que señalar que non só foi debida a aparición do motor diésel. Tamén hai que responsabilizar deste incremento á aparición das máquinas alternativas “compound” (compuestas), de dous ou tres cilindros, e a substitución das primeiras caldeiras pirotubulares polas acuatubulares que permitían achegar maiores presións e consecuentemente, mayores potencias de tiro. No que segue, intentaremos explicar como eran, a qué obedeceu a súa aparición, etc. como

parte da nosa historia marítima e de pesca, en particular no caso de Marín, que xunto con Bouzas, foi onde arraigaron con mais forza e onde se fixeron mais afamadas.

E como non, faremos continuas referencias ao citado nº 16 da revista *OS GALOS* do ano 2022.




Parellas e bacas de arrastre no peirao de Marín en 1956

A VAPORIZACIÓN DA FLOTA SARDIÑEIRA.

Tal como se dixo no citado número da revista, a escaseza da sardiña para subministrar a unha industria conserveira en expansión, favoreceu a aparición do cerco, (a traíña), e as traíñeiras, como embarcación auxiliar de suma importancia, en detrimento do "xeito" e das lanchas xeiteiras e dornas, e pola súa vez a falta de sardiña, como consecuencia, entre outros factores, do emprego da pesca da ardora, e da dinamita, propiciou que, cada vez, as

traíñeiras tivesen que desprazarse máis lonxe a pescar¹. De aí a utilizar o vapor como método mecánico para mover as embarcacións é a consecuencia lóxica dado o desenrolo do vapor nos barcos mercantes nese momento. Ao principio utilizádoos como propulsión nas embarcacións de "enviada" comprando a flote a sardiña ás traíñeiras, pero co paso do tempo utilizando as propias "enviadas" como pesqueiros do cerco con cabrestantes mecánicos movidos polo vapor dado que as redes eran cada vez máis grandes e máis pesadas e difíciles de manexar².

Con anterioridade nas propias trasiñeiras ou nas "lanchas" de maior tamaño, montouse unha pequena máquina de vapor, tal como se aprecia no dibuxo inferior.



Como alternativa tamén se montaron motores de gasolina ou diésel, as célebres "motoras", que pouco tempo despois desapareceron. Descoñecemos as razóns para descartar este tipo de motores, aínda que segundo algúns autores "desapareceron porque non daban tan bo resultado como as máquinas de vapor"³. Dende logo non foi por razón de espazo.

De calquera xeito, as "motoras" utilizadas tiñan entre 10 e 30 TRB. e con 4-5 nudos de velocidade, e as maiores sobre 17 m. de eslora. E tiñan unha vantaxe substancial respecto das antigas traíñeiras: non



Unha "motora"

dependían do vento. Por outra banda a tripulación necesaria era moito menor, pois pasou de 20-26 homes nas maiores a 12-14 ao non necesitaren tripulantes-remeiros, e porque posuían una maior versatilidade, pois faenaban o mesmo con cercos de xareta que con palangres. Posteriormente, estas "motoras" gañaron en manga e en puntal, máis que en eslora e transformáronse en barcos, no sentido máis amplo da palabra, con esloras entre 17-20 m., mangas de 4-5 m., puntais sobre 2.50 m. e velocidades da orde dos 8 nudos con cuberta corrida de proa a popa. Os "fondeiros" de Marín son un claro exemplo desta polivalencia⁴, inda que os primeiros chamados como tal eran de propulsión a vela: Aínda estamos en 1890.




Peirao do Oeste de Marín nos anos 1930, onde se aprecia na parte inferior dereita, unha "motora" de gasolina, xunto a un galeón a vela e tres vapores sardiñeiros.

A partir da implantación do vapor a bordo dos barcos, insistimos para a pesca da sardiña ao cerco, e para aproveitar fóra da campaña que iba de xaneiro a xullo, os mesmos barcos usábanse para a pesca con volantas e palangres ou tamén con liñas. E o máis interesante para nós é que os empezaron a utilizar como arrastreiros na pesca das parellas ou con "viga" ou percha.

Isto que acabamos de dicir queda confirmado pola seguinte nova aparecida no Faro de Vigo do

30.11.1904 : *"O vapor "Paulina" que chegou onte a Vigo procedente de Liverpool, trouxo dúas maquinillas para D. Ignacio Rivero e D. Lisardo Rodríguez de Marín, quen pensan utilizalas na pesca do bou, (arrastre) nos seus vapores nomeados "Rápido" e "Relámpago." Estes señores recibiron días pasados os seus aparellos de Valencia. Tamén se di que D. Joaquín Nantes e D. Fernando Rodríguez, tamén de Marín, encargaron o material necesario para efectuar a pesca por este sistema cos seus vapores palangreiros/sardiñeiros "Morrazo" e "Rayo." O custo do aparello é de mais de seis mil pesetas. A pesca efectuarase por parellas. Chegou xa o momento de que os naturais do país cansados de ver aos estranxeiros señorearse destas costas e explotalas coa arte de pesca chamado bou se decidan a facer o mesmo"*⁵.




Da noticia anterior convén remarcar dous feitos. O primeiro que en Inglaterra, o mesmo que no Levante español, por esas datas (1890), empezábase a pescar cun novo arte: o arrastre en parella, que xa se viña utilizando previamente coas barcas de vela nos portos de Brixham e Grimsby, na Gran Bretaña, pero que coa utilización do vapor deu un salto impresionante. O segundo, a procedencia levantina dos aparellos, consecuencia de que no Mediterráneo xa practicaban o arrastre en parellas a vela.

A proliferación dos barcos de vapor, en Galicia, deu lugar a unhas embarcacións construídas en madeira, fundamentalmente nos asteleiros da Ría de Vigo, como Vda. e Hijos de J. Barreras, A Industrial de A. Sanjurjo Badía, Enrique Lorenzo, posteriormente Vulcano, Cardama, Armada, Troncoso e Santodomingo... dando orixe aos denominados "vapores tipo Vigo", que eran barcos orixinariamente para a pesca de sardiñas con traíña, e que oscilaban entre as 20-30 TRB. e os 17 m. de eslora.


Este tipo de barcos, como xa se dixo, chegaron a exportarse a outras rexións e norte de África en número próximo a 400 unidades. Tamén noutros asteleiros e varadoiros da Ría de Vigo, como o de Domaio, o de San Adrián, o de Moaña,... e na Ría de Pontevedra en Marín, os asteleiros do Tombo e da Mouta onde estaban situados os de Hermida, os de Villanueva e M. Pardavila, (os coñecidos como asteleiros de Carragal), os de José M^a Bofill, (do que despois falaremos como propietario da Naviera do Noroeste), con cerca de 300 traballadores, e os de Tiburcio e Cia. Ademais tamén se montaron unhas gradas e galpóns para a J.O.P. (Junta de Obras del Puerto). Tamén en Estribela-Os Praceres os Asteleiros de Praceres, (coñecidos como os de Birbiricho) moi próximo a outro mais pequeno xunto ao Colexio do Sagrado Corazón, no arranque da autovía que une Os Praceres con Pontevedra nunha pequena praia coñecida como a Praia de Os Praceres. En Ardán (Marín) nos arredores da Playa do Santo estaban tamén os de Omil, (Pirigallo).

UN POUCO DE HISTORIA : A REDE DE ARRASTRE.

Para centrar o tema conveñamos en definir a arte de arrastre, a rede, dunha forma grosera, como un saco cónico coa súa boca aberta, que é remolcado por unha ou dúas embarcacións e que filtra auga. Deste xeito, e convenientemente lastrado, na súa tralla inferior, a arte barre o fondo capturando os peixes e crustáceos que se asentan sobre él, ou que están a unha certa altura, dependendo da abertura vertical (v) da rede, o que se consegue mediante unha serie de flotadores na chamada "relinga de flotadores" ou tralla de cortizas. En contraposición á relinga lastrada denomínaselle relinga de chumbos ou "plomos".



Máis complicada é a apertura horizontal (h) do aparello. Cronoloxicamente esta apertura conseguiu-se cunha viga (o *bean trawl* dos ingleses), e uns patíns nos seus extremos para salvar os obstáculos, nos arrasteiros de vela.



Previamente, como xa se dixo nas mencionadas notas, ensaiouse e pescouse, cun botalón (fig.1) ou Fig. 2 con tangons. (fig.2)

AS PRIMEIRAS PARELLAS.


Os primeiros ensaios de arrastre en parella con propulsión mecánica efectuáronse en España, antes que en Inglaterra ou Francia e foron levados a cabo, como xa se dixo, en Cádiz, cos vapores que prestaban servizo de pasaxeiros entre a poboación de Porto Real e o Porto de Santa María. Os barcos quedaron inactivos ao inaugurarse o ferrocarril de Cádiz a Sevilla, solicitando o seu propietario, a compañía armadora Butler Hermanos, un permiso para utilizar estas embarcacións na pesca de arrastre á parella. A oposición a tal pretensión por parte das parellas de vela foi tan patente, que só co apoio dos respectivos concellos chegou a ser autorizada a título de ensaio e limitada ás costas do Norte de África, por Real Orde do 26 de Abril de 1865, despois como xa se citou, de un altercado co as autoridades portuguesas. Non obstante esta experiencia en África pronto fracasou.⁶

Parecida historia sucedeu coa Naviera do Noroeste SA. fundada en Marín o 15 de Abril de 1901, cuxo principal accionista era o catalán afincado nesa localidade D. José María Bofill Molfullada. É o caso que o Sr. José M. Bofill, propúxose ampliar a súa flota de cabotaxe que estaba formada ao menos polo barco "RIOTESA", e mandou construír nos asteiros cataláns BURELL e CIA dous novos barcos xemelgos, o "ONS" e o "SALVORA" das mesmas

dimensións. Eslora : 27.60 m. Manga : 5.10 m. Puntal : 3.40 m. 118 TRB e 84 CVI. Non obstante en 1905 decide reconvertilos á pesca de arrastre⁷. Recoñecidos os vapores por un mecánico "*para ver se podían pescar sós ou tiñan que facelo en parella*",

concluíuse que a falta de potencia dos buques aconsellaba a segunda opción, para o cal se procedeu a acondicionar o casco e a instalar maquinillas elevadoras da arte. Sen embargo a escasa pericia do persoal de a bordo provocaba continuas perdas dos aparellos, coa conseguinte paralización das faenas. Isto levaría en definitiva ao fracaso que, á marxe doutras causas, arrastrou ao Sr. Bofill á bancarrota. Nestas datas

xa se pescaba á parella no Cantábrico. Xa se citou o caso de D. Ignacio Mercader quen contratou cos asteiros ingleses David Allan & Shipbuilders de Leith a construción dun barco, de madeira, o "Mamelena". Este barco de 40,32 TRB. e 19,75 TRN. dedicouno á pesca de arrastre con "perchas" ou vigas (*bean trawl*) como se viña armando naquel tempo nas costas francesas e inglesas, e no Sur e Levante de España. Convén sinalar, non obstante, acertadas innovacións suxeridas por un tal Catelín, experto redeiro procedente dun porto de Andalucía.




No debuxo de arriba pode verse a arte de arrastre con "perchas", viga ou "bean trawl".

En Maio de 1881 agregouse o barco “Mamelena nº 2” de 70 TRB. e 125 CV. Construído no mesmo astaleiro e con ambolosdous se fixeron os primeiros ensayos en augas donostiarras do arrastre “a parella” como o viñan pacticando, a vela, os veleiros levantinos⁸.

A principios do século XX nas Vascongadas, foron xa varios os armadores que asociaron os seus vaporciños para practicar a pesca a parella, como se fixo co “Enderrena” e o “Sebastiana” e unha vez desfeita esta parella montóuse o “Enderrena” co “Pepe nº 2”, e outra co “Bebé” e o “Lucerna” pertencentes a varios armadores guipuzcoanos aos que puideramos dar o título de precursores.

Nesta época en Galicia, sobre todo en Vigo, comezaron a montar as máquinas e caldeiras importadas do estranxeiro aos cascos de madeira producidos nas súas gradas primeiramente á flota sardineira do cerco e posteriormente ao arrastre con parellas.



Pode verse un esquema do largado e virado do aparello de arrastre “á parella” na nota 9 así como algúns elementos característicos.

As primeiras parellas de vapor o foron con carbón. As ultimas con “fuel” e queimadores. O carbón importábase directamente de Inglaterra ou no seu defecto, era carbón asturiano ou leonés, sempre de inferior calidade e de menor poder calorífico.

En Marín para o adestramento de patróns e mariñeiros no manexo da nova arte á parella, fixéronse

vir do porto de Águilas (Murcia) catro expertos, contratados polo armador Francisco Crespo Casal para que ensinasen aos nosos mariñeiros o manexo da nova técnica, que rapidamente foi asimilada polos patrons de xeito que aos tres meses se fixo innecesario o servizo destes expertos, que regresaron ao seu pobo. Non obstante como xa se sinalou, tamén en Galicia debía existir certa tradición con parellas de vela pois doutro xeito sería imposible tan rápida adaptación.

As parellas que operaron en Galicia pódense clasificar de acordo coa súa tonelaxe en:

- Parellas pequenas ou costeiras, chamadas tamén “pastilleiras” ou parellas do día, de 80 a 100 toneladas de desprazamento e de 17 a 20 m. de eslora.

- Parellas de amplo radio de acción, con 22-28 m. de eslora que poden permanecer no mar de quince a vinte días , de singladura, acadando os distantes bancos de La Rochelle, Grande Sole e Petit Sole. Acostuman a rastrexar en fondos de 100 a 350 m. Levan adegas (neveiras), comenentemente illadas.

Un terceiro tipo de parellas, das que non existían en Marín son as bacallaeiras, que por especiais razóns, seguían practicando a pesca en parellas. Ata os anos 60 do pasado século viñanse construíndo un novo tipo de parella máis potente e eficaz con casco de aceiro forma “Maier”. En particular, as construídas en Barreras montaban motores Barreras-Werspoor, que eran os motores construídos en Barreras, ao principio baixo licenza da compañía holandesa Werspoor.

O VAPOR EN MARIN.

Estamos en 1890, e no porto marinense prodúcese a importación do arrastre do bou por parellas a vela do Mediterráneo.

A principios de século, sobre 1902 / 1904, os barcos a vapor dedicados á pesca do palangre, ou do cerco ou traíña, adaptáronse á nova modalidade de pesca o arrastre ao bou e á parella como continuación do arrastre a vela, tamén á parella, que se importara do Levante español, como xa se dixo, vía Andalucía. Estes barcos, os xa citados “fondeiros”, tiñan entre 17 e 23 m. de eslora e estaban construídos en madeira. Montaban os primeiros unha máquina a vapor “compound” e o seu custo oscilaba entre as 17.000

e as 40.000 pesetas á parte dos aparellos correspondentes.

Parece ser que a primeira parella, en Marín, que se dedicou á pesca de arrastre no litoral galego foi a formada polos barcos, xa citados, "Morrazo" e "Rayo", que anteriormente se dedicaran á pesca con palangre. O "Morrazo" foi construído arredor do 1900 nos Asteleiros de Marín para os Sres. Heraclio Méndez e Pepe Santos. Do "Rayo" non fomos quen de obter datos.

Á parella inicial seguíronlle a formada polo "Relámpago" e o "Rápido", sardiñeiros, e mais tarde outra nova formada polo "Rosa" e o "Echegaray". O "Relámpago" foi construído en Vigo en 1900 para José Santiago, Ignacio Rivero, Lisardo Pintos, Fidel Rodríguez, Juan Areosa e Eugenio Sánchez.

O "Rápido" construído tamén en Vigo en 1901 e adquirido en 1912 por Elisardo Rodríguez, Fernando Rodríguez Pazos, Ignacio Rivero Parada e Francisco Crespo Casal.

O "Rosa", construído en Vigo para o Sr. Curbera de Bueu, e adquirido despois por Emilio Gutiérrez Fuentes, Francisco Pérez Altuzarra e Justiniano Quevedo Martínez.

O "Echegaray" construído en Marín e adquirido por Francisco Pérez Altuzarra, José Santiago e Laureano González,

Outros barcos de vapor foron :

O "Romana", construído en Vigo por Cándido Cortegoso en 1896 e comprado polos fillos de Antonio F. Cordeiro a M. Ferrer, de Vigo.

O "Sofía" construído en Bouzas para unha sociedade de armadores formada polos Sres. Manuel Casal Veiga, Sabino López Iglesias, Paulino Casal Areosa e Cándido Lloret Massó.

O "Dous Amigos" construído en San Adrián en 1895 para Alejandro dos Santos Zapateiro e Francisco Prado.

O "Asunción" construído en Marín en 1900 por Gabriel Santiago para José M^a Massó Crespo.

O "Senén" construído no Freixo en 1860 adquirido ao seu propietario por José Sobral Portela en 1900.

O "Rafaela" e o "San Francisco" propiedade de Locaniara e Cernello

E por último o "Estrivela-Marín" botado ao mar

en 1902 e propiedade de Salvador Touza e Senén Sobral, que naufragou nos baixos de Corrubedo en 1910.

Outras parellas famosas foron : Manolito e Josefita, Lexionario e Mosqueteiro, Isabel e Aurora, Xustiniano e Luisito, Río Ebro nº 2 e 3, Chimbos, Víbora, Tigre, Loriga, Almirante, Teucro e Leritos. Tamén están o Río Lerez e o Río Lerez nº 3, de José Santiago, armador tamén dos Río Lerez nº 4 e Río Lerez nº 5, que foi, este último, o primeiro barco da flota de Marín que no ano 1936 tivo corrente eléctrica proporcionada por unha dinamo.

Hai que sinalar que é difícil rastrexar se os anteriores barcos traballaban ou non á parella, excepto que se diga expresamente, pois as fontes consultadas non recollen en moitos casos a arte de pesca á que se adicaban.



Porto de Marín

Ademais da parella formada polo "Salvadorito" e "Senencito" xa citada no nº 16, propiedade de Senén Sobral, cuxo naufraxio deu lugar á aparición do sistema de pesca "á baca", que é basicamente unha derivación do bou, xa que ao igual que este é unha arte de arrastre con portas, coa salvidade que as operacións coa arte non se efectúan polo costado senón dende a popa e para virar e meter o saco o barco cía e mete as malletas por proa¹⁰

A relación seguinte, segundo J. M. Veiga Blanco, "O Bea", redeiro, patrón e posteriormente armador, recolle as parellas de litoral de Marín entre 1950 e 1970. Algunha destas parellas aventurábase no verán ata o Gran Sol. Entre os armadores mais representativos convén citar ademais a : Eugenio Solla Malvido (Pernil), Luis Pérez Quevedo, e Tomás Taracido Álvarez. Ademais de Jose Pérez Graña e Vicente Iglesias.

Flota de parellas de arrastre de litoral. Marín 1950 - 70

ARMADORES	1º BARCO	2º BARCO
Fronador y Salvador	Guillermo Monis	Pepe Monis
Alcántara	General Franco	General Varela
Senén Sobral	Clarín	Campoamor
Gulias y Compañía	Rinconete	Cortadillo
José Carragal	Ntra Sra. de Begonia	Ntra Sra. de Lourdes
	Virgen de Arrate	Virgen de la Antigua
Ramón Touza	Franco	Gallarza
	Alerta	Linares
Francisco Ferrer	Natividad	Castilla (Ferrer)
	Rosalina	Calisto
	Ntra Sra. del Carmen	Ntra Sra. Perpetuo Socorro
Luis Santiago	Río Lérez 5	Río Lérez 4
Eugenio Solla	Agosto	Julio
	Eugenio Solla	Esperanza Santiago
Claudino "Chuvia"	Uzturre	Burutzia
Manuel Costas	José Ramón	Maruja Costas
Eusebio Santiago	Lorenzo Domínguez	Domínguez Seoane
Eladio Santos y Hermida	Nvo. Melquiades	Melquiades Álvarez
Carragal y Pardavila	Mar Domingos 1	Mar Domingos 12
José y Eusebio "Asos"	Zorro	Zorrita
Manoio "Aso"	José Antonio Lasa	Ven
José Garrido	Mogor	Portocelo
Francisco Pérez	Río Urola	Río Oria
Paco "O Xeniño"	Fernandito Domínguez	Domínguez Macalla
José "O Xeniño"	Pedro Herrero	Rufina García
Miguel Segarra	Marisco	Mar Bella
Bias Fontán	Su	Ni
Antonia Puga "Mata"	Francisquito	Leonor
Luis Pérez Quevedo	Luisito	Justiniano
Luciano Soto	Lázaro 3	Lázaro 4 "Palancanas"
Andrés Soto	Estrella	Javiera
Luciano Pardavila	Tnte. Coronel Lobo	Umbelina Franco
José González "Cachaza"	Morazán	Moncayo
	Novo Constante	Constante Barreiro
Eduardo Santiago	Borneira	Mª del Carmen
	Mar de España	Palacio Valdés
José Campelo	Isabel	Aurora
	José Campelo	Antonio Campelo
Fernando de Castro "Cact"	Hipólito Rodal	Inocencio Barreiro
Hnos Solla-Ignacio "Carr"	Placeres	General Queipo de Llano
Ignacio "Carracho"	Cordero de Dios	Cordero de Belén
Eugenio "O Xeniño"	Portuondo Hermanos	Hermanos Portuondo
Vicente Iglesias	Paco Maravillas	Victor Montenegro
Losé García "Marajato"	Neptuno	Anfitrite
Luciano Pardavila	Foral	Mari
Manuel Pardavila	Ángel Nuestro	Antonio María
Chiribolla- Andrés "Coché"	Juan Mardomingo	Mateo Mardomingo

**Información elaborada por José Manuel Veiga Blanco "O Bea"*

NOTAS:

1 Gómez Giráldez F.J. Estudos do sector pesqueiro Galego. Vigo 1988

2 Nas Rías Baixas as primeiras embarcacións de vapor aparecen o redor de 1900. O vapor levaba utilizándose na mariña mercante desde os iniciais experimentos de Robert Fulton, quen en 1803 establecería a primeira liña regular no río Hudson en EEUU. cun vapor propulsado por rodas de paletas, aínda que nese

mesmo ano empezábase a experimentar por parte de John Stevens con hélices.

3 Rodríguez Santamaría.. Os motores de explosión na pesca. Vasconia Industrial e Pesqueira. Xunio 1926.

Instálanse en lanchas e traíneiras de a penas 10 TRB. co a popa comenentemente modificada para facerlle sitio a hélice, e montan motores importados de Suecia, Norteamérica e Inglaterra cunha potencia arredor dos 10 HP. Isto explica que a tonelaxe media das embarcacións que non empregan vapor baixe de modo acusado entre 1922 e 1927. A imprantación do motor de explosión ten substancialmente ventaxas respecto a os vapores de pequena tonelaxe, pois ademais de aforrar espazo da propia máquina, afórrase o espazo de tanques de auga, carboneiras, ...

4 Os "fondeiros" orixinariamente eran barcos de vela tripulados por 5-6 mariñeiros adicados á pesca de anzó ou "pincho" tanto con liñas como con palangre. Pescaban pescada, ollomol, congro e especies afíns. O nome vén da súa pesca a grandes fondos, para o que tiñan as súas áreas de pesca a gran profundidade, pero sempre dentro da ría, aínda que de vez en cando, pescaban por fóra de Ons. Con posterioridade as "motoras" tamén se dedicaron ao pincho e con redes: boliche, betas, xeitos, volantas, ...

5 Isto último en clara referencia aos vapores ingleses, franceses e alemáns que arrastraban nas costas galegas coa arte do bou. En particular os franceses "Saint Jean" e "Sirius" que descargaban con certa frecuencia na lonxa da Coruña de El Muro, que empezaron a arrastrar con proteccións de peles de touro, (mandiletas) na zona do copo. " La Voz de Galicia" do 22.08.1903

6 Ver o citado número da revista OS GALOS.

7 Referencia aparecida na Revista VIDA MARÍTIMA do 20.02.1906

8 O Mamelena nº 9 foi o primeiro da serie construído con casco de ferro de todos os Mameleñas que chegaron a ser doce.

9 Os seguintes esquemas están sacados do libro : La Pesca de Arrastre en Pareja. De José Mª Navaz e Sanz. Soc. Oceanográfica de Guipúzcoa. Donostia 1948.

10 Como xa se dixo, o sistema do arrastre "a boca", tal como se coñece por aquí, para os barcos co a maquinaria de arrastre a proa da ponte, naceu en Marín, cando quedou "viudo" o "Senencito" parella do "Salvadorito" do armador Senén Sobral. Ver nº 16 da revista OS GALOS. Ano 2022.

A derradeira travesía do *Toftevaag*

Carlos Roberto de Pacho



ENCONTRO INESPERADO

A finais de marzo de este ano, o meu irmán Eduardo de Pacho, visita o pobo costeiro asturiano de Cui-deiru (Cudillero). No peirao chámalle a atención un barco antigo enriba do carro varadoiro. Despois de tomar unhas fotos ve que hai xente arranxándoo. Comeza a parolar cun dos tripulantes, e como carta de presentación, comenta que é irmán do derradeiro carpinteiro de ribeira de Asturias. O mariñeiro e científico, que resultou ser Ricardo Sagarminaga,

explícalle que arribaran a ese porto no outono do 2024 e que alí deran cun carpinteiro ebanista ao que lles costou convencer para amañar o casco. Un taller local xa lle tiña posto a punto o motor. Agradecido polo interese amosado, agasallou ao meu irmán cun folleto onde explica a historia do barco.



A goleta no varadoiro de Cuideiru



Planos e traballo de construción



Imaxes antigas dos usos do barco

A HISTORIA DO BARCO

O *Toftevaag* leva o nome do pobo noruegués da illa de Halsnøy, onde foi construído polo mestre carpinteiro Lars Olai Sjo no 1910. Este barco traballou na pesca do arenque no Atlántico Norte ata a Segunda Guerra Mundial, cando foi usado para o transporte de pilotos a unha base aérea. Tras o final da guerra dedicouse á cabotaxe de mercadorías polos fiordes de Noruega ata 1979. O seu casco era de madeira de piñeiro unida ás Cadernas mediante espiches tamén de madeira. No ano 1958 instaláronlle un motor diésel marca Genaa de 60 cabalos.



O Toftevaag navegando a todo trapo

Levaba xa nove anos varado nun estaleiro do illo-te de Risør, cando dous activistas do buque *Sirius* de Greenpeace, (un deles era Sagarminaga) atopárono e restauraron o vello barco sendo que no ano 1989 volveu a navegar co seu aparello orixinal de goleta sobre dous mastros. No de popa con cangrexas menor, no de proa con cangrexas maior e escandalosa, e entre este mastro e o bauprés: foque, contrafoque e foque voante.

INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN ALNITAK

Axudar a investigar e preservar o medio mariño foi o cerne que impulsou a estes científicos a mercar e restaurar o *Toftevaag*. A O.N.G. Alnitak (nome dunha das estrelas da constelación de Orión), con sé no porto de Almerimar (El Ejido, Almería), foi impulsada polo Earthwath Institute de Boston (Massachusetts) para facer realidade o soño daqueles dous activistas medioambientais. Dez anos despois a asociación suíza Ocean Care tomou o relevo no patrocinio das actividades levadas a cabo no *Toftevaag*.



Campaña de rescate de tartarugas

O ESTUDO CIENTÍFICO

Dirixidos por 4 científicos investigadores, máis de 4.000 voluntarios de 102 países navegaron nestes anos, dos cales 600 estudantes universitarios levaron a cabo diversos estudos de ámbito mariño. Tamén se rodaron reportaxes para distintas televisións como a BBC. Asimesmo, os cativos tiveron a oportunidade de navegar neste barco. Expedicións reais de investigación básica embarcaron a bordo a 200 profesores e 600 nenos seguindo o método colaborativo de participación.



Equipo de científicos frente do barco

A vixilancia dos ecosistemas oceánicos centrouse en cetáceos, tartarugas, aves mariñas e peixes peláxicos, o que constitúe unha das maiores bases de datos dos mares de Europa, e particularmente do Mediterráneo.

No ano 2006 a Organización Marítima Internacional reorganizou as rutas de navegación en diversas zonas concorridas por cetáceos por seren sensibles á contaminación acústica e a posibles colisións provocadas por barcos.

Outro éxito acadado foi o deseño de medidas tecnolóxicas que permitiron reducir un 95 % a captura accidental de tartarugas pola flota palangreira do



Ricardo Sagaminaga, un dos fundadores da ONG Alnitak.

peixe espada. A Unión Europea premiou esta iniciativa que foi exportada a zonas sensibles mariñas de África e América.



Imaxe cenital da cuberta de proa

O AFUNDIMENTO

O día 11 de abril de 2025 o diario asturiano La Nueva España publicaría nas páxinas de sucesos a seguinte noticia: “*Hablan los seis científicos rescatados de un velero hundido en Asturias: -Hemos vuelto a nacer*“. Semanas despois da visita do meu irmán a Cuideiru o barco partiu do seu porto as 4 da mañá, pero ás poucas millas de navegación un golpe de mar provocou unha vía de auga. A adegá comezou a asolagarse e rapidamente deron aviso a Salvamento Marítimo. Activaron as bombas de achique pero en media hora o afundimento xa era inminente. O helicóptero Pesca II de Viveiro rescatou aos tripulantes e dúas embarcacións Salvamar de Lluarca e Xixón trataron de remolcar o barco pero a operación foi imposible. Incluso o mercante Sandra cambiou o seu rumbo ante a chamada de socorro; a solidariedade no mar é incuestionable.

Despois de 35 anos a Asociación Alnitak perde o seu barco. O *Toftevaag* non só era unha embarcación, foron milleiros de vivencias a prol de acadar un mundo mellor. Agora descansa no mar ao que sempre pertenceu.



Algúns descoñecidos veciños subacuáticos

Gonzalo Pérez Barreiro



Bueu é unha vila de carácter basicamente mariñeiro na que, polo seu tamaño e distribución, a maioría das persoas que a habitan coñécense directamente ou a través de referencias familiares ou de amizades. Indo un paso máis aló, atévome a considerar que mesmo se coñece á maioría dos animais domésticos de compañía, principalmente cans, ao seren vistos en compañía dos seus donos durante os seus paseos diarios. Igualmente son coñecidos os animais salvaxes da contorna, dando por feito que existan desde formigas, ratos e cascudas ata mouchos, serpes e pombas entre moitos outros.

De igual maneira, se nos centramos no mar, sabemos que nel habitan polbos, ourizos, estrelas, toda clase de peixes e unha infinidade doutros seres aos que todos somos capaces de poñerlles nome. Pero estou seguro de que a maioría descoñece a existencia dun grupo moi concreto de animais, que pasan desapercibidos polo seu pequeno tamaño e a súa

localización nos fondos, a pesar de dispor dunha gama de cores e formas totalmente espectaculares que os fai pareceren artificiais. Refírome aos nudibrancos.

Como o nome indica, son seres que teñen as súas “branquias espidas”, polo xeral dun tamaño que varía desde os 2 ou 3 milímetros ata os 8 ou 10 centí-



Parella de Babakinas



Polycera quadrilineata composta

metros (excepcionalmente algo mais) e que son un dos “santos griaís” dos fotógrafos submarinos. En augas de Galicia hai documentada a presenza de máis de 200 especies distintas (si, liches ben, máis de 200), e podemos equiparalos ás bolboretas ou ás orquídeas en canto a variedade e espectacularidade de formas e cores.



Coas súas cores advirten aos seus posibles depredadores de que non é boa idea comeryllos (adoitan ser velenosos ou cando menos irritantes), e pola súa forma de desprazarse e a súa constitución poderíamos dicir que son as babosas do mar, aínda que infinitamente máis espectaculares.



Persoalmente, en augas de Bueu teño documentadas máis de 50 especies, e cada vez que me mergullo co Club de Mergullo Ons vou en busca de novos descubrimentos que aumenten o meu arquivo persoal, de forma similar á procura dos pokémon no mundo virtual.



Felimida purpúrea

Acompaño este pequeno texto con algunhas fotografías tomadas nestas augas, de forma que poidades ter unha idea do que tento describir.



Janolus christatus



Cadina

Se teño ocasión, en posteriores edicións irei presentando outros veciños descoñecidos que temos ao noso alcance cada vez que nos decidimos a entrar no seu mundo submarino.

A Illa a eito

Isidro Cortizo del Rio



Anacos desordenados, rebos dun muro desfeito polo tempo e amoreados por unha memoria embarrada de emocións.

Campanario

Arquitectura muda, un monumento ao silenzo. Era unha mañá soleada, unha promesa de alegrías e ese campanario espido, que ata no vrán pasa frío, era testemuña das nosas tolerías, sempre calado.



Polas

Estou en Chan da Pólvora, pasa do mediodía e a xente está na praia ou xantando por aí, fai calor e o campamento está valeiro, en calma.

O vento ven do faro falando, dicindo que o mundo sigue, que hoxe é Agosto, que é fresco e amante* pero pronto virá o outono e limpará as praias de xente, o pó dos camiños, as follas das árbores que debuxo.



- "amante", así se refería Arturo ao repolo tenro.

Onde morreron os homes

Hai unha pequena cova , baixo os cons, era no calor do verán, naquel verán sen fin de 1989 , inmune ao paso do tempo coa grandeza que da a xuventude,...ao rematar o debuxo metínme nela , e aquel frío inesperado botoume fora, eu diría que con desprezo. Non deberíamos alterar según qué cousas.



O temporal

O tempo, aquela Semana Santa de 2005, foi ruín con ganas, os únicos “turistas” eramos Henar, Santi máis eu. Choveu todo o día á cachón, matábamos o tempo na terraza, Pepe “armaba” unhas polas de salgueiro para pescar lorchos escamentos nas pozas que deixaba a marea



Cemiterio



A pedra que “*alumbra*”(*)

Podería ser a Illa mesma, un grande penedo con lús de faro enriba, non é iso; a mesma lúa chea que deita a súa lús nos camiños da Illa, deitaa nas follas inqueda dos álamos do lavadoiro, nos arumes da Espaduada, nas ondas incansables que veñen do Océano; pero tampouco, é unha pedra de xeixo que está no camiño, subindo ao Cano que garda á lúa dentro e ilumina a imaxinación.

Tés que ir de noite a andar, e tes que prestar atención, coa lus da pedra que “*alumbra*” verás o que é invisible polo día. De paso achégate o cemiterio a saudar.

(*) Segundo Rafael Patiño Méndez.

A Santa Efixenia e as festas da sidra

Xerardo Dasairas



Elaboración medieval da sidra

A romaría da Santa Efixenia en Bueu aparece no calendario festivo-religioso de Galicia como unha celebración á que paga a pena asistir polas características que a rodean. Pois non só é especial pola súa exclusiva advocación, polo que aínda téñ de devoción, polo seu ceremonial ou polo seu entorno e a incomparable paisaxe que a rodea, senón tamén por ser unha das máis antigas onde é preceptivo a degustación de sidra caseira elaborada exclusivamente para esta data.

A pesar desta constatable exclusividade, xa vai para moitos anos que no entorno da Ría de Vigo e no Morrazo veñen sucedéndose diversas celebracións laicas que teñen como eixo central á sidra, a mazá e os seus derivados. Entre mediados de setembro e a primeira semana de outubro succédense estas festas en lugares como San Tomé de Piñeiro (Marín), Bembrive e Candeán (Vigo) ou San Estevo de Negros (Redondela) onde se chegan a consumir por celebración ata 2.000 litros de sidra dóce ou seca, nova ou vella, tartas e empanadas de mazá, chourizos á sidra, biscoitos e numerosos pratos que inclúen estes produtos na súa elaboración.

Incluso a augardente (calvados) e o vinagre procedentes do mesmo froito teñen grande demanda e venda. As variedades de mazás (destaca a branca de frade), o proceso de elaboración previo, as adegas (a da Tía Inocencia ou a dos Peregrinos son famosas), as lagaretas e bocois, as carballeiras (Os Ramallos) e lugares de celebración, os concursos e a música

do país... confírenlle a estas celebracións un certo ar de recuperación festiva e tradicional que se acredita de antiga raigaña nalgúns casos.



Santa Efixenia

A sidra xa foi desde antigo un produto de grande tradición e consumo en Galicia xa que así o acreditan os documentos medievais ao se mencionaren á ei-to os *pumares*, *mazanarias* e *çidraes* en mandas e testamentos e incluso a bebida *sicera* (sidra) nun dos máis antigos, datado no ano 965. O Códice Calixtino (1160-1180) aínda acredita o consumo deste produto ao anotar que Galicia ... *abonda en pan de centeo e sidra...*

Consta que foi o arcebispo Xelmírez quen ao decretar medidas protecciónistas sobre o viño dos mosteiros, propiciou a caída do grande consumo de sidra que había en Galicia, pasando a ser co tempo Asturias quen se abastase ata hoxe da numerosa produción da exquisita e variada mazá galega. Cabe observar, xa que logo, que o cultivo e elaboración dos produtos derivados da mazá é máis frecuente nas zonas de media montaña



Na parroquia de Candeán (Vigo) localizamos media ducia de lagaretas de pedra e prensas para facer a sidra

sendo precisamente nestes puntos xeográficos onde teñen lugar as grandes celebracións sidreiras que vimos de mencionar.

Ademáis das festas de carácter laico, debemos referenciar outra que contaba cunha forte compoñente relixiosa como a de San Cosme e San Damián na Portela (entre Cangas e Bueu) con misa, procesión, orquestras e degustación de sidra e castañas asadas.

Moi importante e de vella tradición, é tamén a festa do Dóce Nome de María ou Festa dos Pexegos que se celebra en Candeán (Vigo) a mediados de setembro con actos relixiosos, festa, fogos artificiais e consumo da sidra propia da zona. Esta, elaborábase ata hai pouco en lagaretas de peculiar feitura, en apreciable cantidade e valor etnográfico, que as novas prensas e a desidia particular e colectiva fixeron desaparecer.

Non obstante, e como xa reseñamos anteriormente, a celebración que conta maior raigaña e devoción popular é a que a vila de Bueu lle dedica a



Capela de Sta. Efixenia no Pazo de Santa Cruz

Santa Efixenia con motivo das festas que teñen lugar no barrio da Banda do Río. Os actos que se celebran nos dous días de festa, sábado e domingo máis próximos ao 15 de setembro, teñen tamén dous lugares de referencia ben definidos: Mentres que as celebracións lúdicas, como concursos, xogos e actuacións orquestais acontecen no barrio da Banda do Río, pé do mar, os actos relixiosos trasládanse por longal e empinada costa á capela e entorno do pazo de Santa Cruz onde téñen lugar a celebrada romaría e degustación da sidra e outros produtos da terra.

O pazo de Santa Cruz é aínda hoxe unha rexa construción que ergue o seu señorío en dous niveis, asentados na empinada aba do chamado monte Roxo (mellor Monterroso = rozado), ollando cara o norte en espléndida paisaxe, toda a ría de Pontevedra desde Tambo ata as illas de Ons. Desde esta privilexiada atalaia que conforma o adro da capela, adoitan aparecer nídias as terras do Salnés e incluso mái alá, se o vento e os ceos se alían coa obrigada vista de vixía que proporciona o lugar.



Pazo de Santa Cruz

Abaixo, como moi rente pero menos, aparecen en urbanizada amalgama o casco urbano e o porto de Bueu, enriquecéndose pronto a vista co sosego e abrigo que prodiga o pequeno peirao e praia de Beluso desde a que ascenden encostadas, unha mancha de espalladas moradas unifamiliares.

O pazo foi denominado no antigo como casa e granxa da Ramorta e alcanzaría notoriedade no ano 1659 da man do seu novo propietario, o abade de Bueu e comisario do Santo Oficio, Fernando de la Rua y Freyre, home de relevancia social e política que procedente da Coruña de cidra adicarse ao servizo de Deus.



A capela co púlpito das poxas e o cruceiro

No 1671 acordaría fundar unha capela adicada á Santa Cruz e á Soedade da Santísima Nai que se ergue nun nivel superior ao do solar da vivenda, conferíndolle ao recinto, que suma unha torre ameada, o ar pacego que aínda exhibe hoxe. Co paso dos anos, o apelido Rua vería incrementados os cuarteis dos brasóns que señorean o pazo con máis apelidos de aboengo como os Andrade, Mondragón, Aldao, Bermúdez de Castro, Soutomaior e Pimentel.

A familia Bescansa adquerería a propiedade no 1945 e desde esta data tivo a ben continuar coa tradición de abrir a capela unha vez ao ano pola Santa Efixenia e facilitar o acceso ao pazo, previa solicitude aos caseiros, para que os recién casados se fíxesen as fotos de rigor no incomparable marco que ofrece o pazo, os xardíns e a paisaxe. Isto era así cando escribimos no 2005 e hoxe, cun entorno moi atractivo e mellorado, o pazo e a capela acollen vodas en alugueiro.

Cabe suliñar, asemade, que aquel abade Fernando de la Rua tamén foi o fundador doutras capelas na igrexa parroquial de Bueu e na zona.



O rito de pasar o pano co óleo curativo

Entre elas destaca a adicada aos Santos Reis, advocación que se conta como única en Europa xa que nin a propia Igrexa os venera como santos. Está ubicada no lugar do Valado perto da igrexa parroquial e do pazo e foi reconstruída hai xa anos baixo deseño do pintor e artista Urbano Lugrís. Desde a súa recente reparación véñse celebrando nela a festividade do día seis de xaneiro con misa e procesión dos Reis á que lle segue o reparto do roscón propio desta data entre os numerosos asistentes.

A orixe da romaría da Santa Efixenia pode datarse cara a mediados do século XVIII, anos despois da fundación da capela da Santa Cruz, advocación que lle deu nome ao pazo e que segue a presidir a capela en forma de cruz de ébano e marfil sobre un pequeno Cristo na furna. A data precitada, porén, non coincide coa do curioso relato que pretende xustificar a presenza neste lugar da pequena e por demáis, senlleira imaxe dunha santa coa face morena.



Procesión coa santa

Cóntase que foi un predicador que acudía á romaría quen indagando sobre a orixe da santa para enriquecer o seu sermón, descubriu que a mesma chegara á capela do pazo nun intre en que este estaba aínda en construción.

Un abade dunha parroquia remota, moi afeccionado ao xogo, adoitaba achegarse por esta casa do abade de Bueu para xogar interminables partidas de tresillo. Nunha destas chegou a perdelo todo excepto a cabalería que precisaba para retornar. Pretendendo recuperar o perdido, puxo en xogo unha partida de santos que tiña apartados na súa sacristía, figurando entre eles a efixie da santa negra. E perdeu de novo, polo que a imaxe da santa Efixenia, ao ser exposta, pasou a ocupar non só un lugar na pe-



Misa no adro da capela

quena capela do pazo senón un lugar de importancia no devocionario popular das xentes de Bueu e arredores. Nin que dicir tén, que o predicador considerou o relato como apócrifo e lendario, obviando a súa proclama ao público. Sobre este aspecto tamén se conta que a imaxe procedía de Tui en cuxa catedral, por máis señas, tamén se venera unha reprodución desta Santa.

Santa Efixenia era unha princesa que procedía da familia real de Etiopía alá polo século primeiro da nosa era. Segundo o relato lendario, San Mateo que andaba a evanxelizar este país fixo resucitar a un irmán de Efixenia provocando a inmediata conversión desta, da súa familia e do pobo ao cristianismo.

Querendo levar unha vida máis achegada a Deus e aconsellada polo apóstol, Efixenia decidiu adicarse por completo á vida relixiosa. Mais, Hitarco, irmán seu que sucedeu ao seu pai pretendía desposarse con ela, encontrando sempre a negativa e



Acto da poxa das ofrendas

resistencia da princesa ante o que estaba vedado polo cristianismo. Anoxado e despeitado o novo rei, ordenou porlle lume ao local onde se albergaba Efixenia. Mais a pesar da rapidez e voracidade do incendio, o edificio, por intervención divina, non quixo arder e a princesa e as súas compañeiras saíron ilesas. A fe en Cristo e a consideración de Efixenia como precursora do monacato feminino elevaríana á categoría de santa. Destes feitos proceden os símbolos que loce a santa nas súas mans, unha cruz e unha igrexa ardendo, e tamén as virtudes sanatorias que se lle atribúen nas doenzas da pel, as queimaduras e na eliminación das espullas.



Preparando o prensado das mazás

Actualmente, na víspera da romaría tén lugar unha misa vespertina na capela á que asisten os veciños dos arredores, os vigairos e algunhas rosquilleiras e sidreiros que madrugaron para coller sitio nas aforas do pazo, fronte a porta da Carrasqueira.

O domingo, desde moi cedo van chegando osromeiros e devotos que asisten á primeira misa das once. Logo, dúas horas despois, tén lugar a misa solemne que se fai de campaña pola estreiteza da capela e sempre que o tempo acompañe.

O altar, ubicado fronte a porta principal da mesma está presidido polas imaxes de Santa Efixenia e da Virxe do Carme que logo serán levadas en curta procesión pero con banda de música, ao redor do adro. A fachada luce campanil no alto e aos lados, a xeito de pináculos, dúas figuras que semellan o Pai Eterno e un santo. A porta de entrada en arco, aparece señoreada polo brasón cos apelidos do pazo e da Inquisición e nun recanto da esquerda sobresaie un púlito circular, balconado en ferro, desde o que nou-

trora se botaban os sermóns e aínda se celebran as poxas. O sostén do púlpito é unha pedra circular que mostra un tamborileiro e un gaiteiro que loce saía ao xeito antigo. O cruceiro do adro e as figuras descritas semellan ser dun estilo gótico tardío xa que a ausencia de datas e o anonimato dos autores non permite facer unha cronoloxía máis exacta.

Faise memoria de que antano esta festa contaba con máis asistencia que hoxe e que as ringleiras de devotos facíanse patentes desde Bueu camiñando monte arriba, lentamente, empanadas á cabeza e queipo ao brazo, a través da canella da Ramorta. Uns accedían ao recinto polo portallón principal do pazo, entrando no adro da capela por unha porta sobre cuxa lumieira se erguen unhas figuras de pedra que representan graciosamente a catro músicos de antano en comparsa.

Outros subían polo empinado camiño da Carrasqueira accedendo directamente cara a carballeira do adro por unha porta lateral arcada que exhibe dúas figuras a ambos lados e un cristo crucificado, acompañada da Virxe e de San Xoan no alto da lumieira.

Nos anos en que o mar acompañaba cunha boa ceifa do xeito, a festa enriquecíase en asistencia, xe-

nerosidade de viandas, ledicia e ofrendas devotas. As rosquiñas, os melindres, os caramelos e sobre todo o mel, levado en tarros e oliñas, eran os produtos que máis se demandaban. As meleiras sufrían o

indicible para protexeren os seus recipientes dos rillotes nos que untaban pan ás agachadas, entanto se tiñan que defender con abanos das numerosas moscas e abellóns que tamén pretendían zugar no dóce mel autóctono.

Agora xa case ninguén queda para xantar baixo as árbores do adro e son os postos de sidra e as racións e pinchos que ofertan, os que en aperitivo, veñen aliviar as horas de xexún ata as tres da tarde en que remata a romaría. Só a poxa do aceite bendicido e o desfile dos devotos ante a Santa Efixenia, acompañada neste día de exvotos de cera e donativos en metálico, parecen ter unha certa continuidade dos

ritos e crenzas de antano.

Cando xa a banda entoa para os presentes a última peza da súa música, os máis crentes amosan no retorno, a súa ledicia por terse feito co aceite bendicido e levar para casa o pano branco pasado pola face da santa para combater as espullas e as doenzas da pel. E, de aquí a un ano.



Postos de sidra nas aforas do pazo



Paisaxe da ría de Pontevedra desde o pazo



Asociación “Os Galos”

Actividades

Nos últimos tempos, foron moitas as persoas que amosaron interese polo labor da asociación. Un bo número de novos socios e socias incorporáronse aos traballos de mantemento realizados durante o inverno, favorecendo un valioso intercambio de coñecementos. Dámoslles a benvinda e animámolas a sentirse parte integrante da nosa tripulación. Un dos principais obxectivos agora, é a formación de novos patróns, co fin de asegurar a transmisión e continuidade das técnicas de navegación tradicional, que aínda que estas parten dunha base común coa navegación a vela en xeral, presentan particularidades e manobras específicas que requiren dunha aprendizaxe diferenciada.



O Lagoas remozado en Pescadoira

O ano pasado tocoulle invernar na nave de Pescadoira ao bote polbeiro “Lagoas”, pois logo de case 30 anos precisaba unha boa restauración. Eliminouse toda a pintura que cubría o seu casco para sanealo por completo, recravar algunha banceira, calafatar, e poder finalmente recuperar unhas cores semellantes ás orixinais.

Como ben dicía Víctor, esta embarcación senlleira tiña que ser considerada unha referencia da nosa Vila, xa que os botes polbeiros foron un medio de vida para moitos mariñeiros. A construción desta embarcación foi un dos alicerces da Cultura Maríti-

ma de Bueu a mediados dos anos 90, cando a Asociación As Lagoas levaba a cabo o gran labor de encargarlle a Manolo “Purro” a construción dun bote polbeiro co seu mesmo nome, que anos máis tarde sería donado a Os Galos.



O Lagoas en Vila do Conde

Non sabía o “Lagoas” que se estaba a poñer *ghuapo* para tanta viaxe, xa que durante a tempada de 2024, tivemos a oportunidade de participar en diversas actividades organizadas por compañeiros e compañeiras doutros portos. Entre as saídas destacadas temos que falar da nosa primeira participación no *XII Encontro de Embarcações Tradicionais* de Vila do Conde, no país veciño, onde quedamos gratamente sorprendidas pola acollimento recibido, tanto por parte da organización como dos demais participantes. Foi unha experiencia enriquecedora na que compartimos navegación con persoas que descoñecían as embarcacións galegas, realizando numerosos bordos polo río e dando a coñecer o noso patrimonio marítimo.

O bote polbeiro “Lagoas” volveu a subir ao remolque para participar na *II Feira Náutica do Freixo*, organizada polo Concello de Outes e Culturmar,

unha nova ocasión para navegar pola ría de Muros e Noia. Desde o mar, tivemos o privilexio de asistir á botadura dunha dorna restaurada no rehabilitado estaleiro de San Cibrán, un momento cheo de simbolismo e emoción para todos os presentes. Os compañeiros da Serra de Outes demostraron ser uns anfitrións extraordinarios, ofrecendo unha acollida que nos fixo sentir como na casa. E, como non podía ser doutro xeito, regresamos ao bar *Berberecho*, onde revivimos os bos recordos deixados polo *Encontro Galego do Freixo*.



Embarcacións na Recalada de Arcade

Outra das saídas por terra, levando o *Lagoas* no remolque, foi ata Arcade, onde nos agardaba unha xuntanza de carácter moi familiar xunto a outras pequenas embarcacións. Tratábase da *Recalada, Encontro no mar 2024*, organizada polo concello de Soutomaior e coa colaboración de Culturmar. Nesta ocasión tivemos a oportunidade de descubrir a beleza do interior da ría de Vigo, navegando por zonas que requiren adaptarse ás condicións das mareas, o que engadiu un punto de aprendizaxe e desafío. De Arcade, por suposto, tamén regresamos fondamente agradecidos pola hospitalidade e o bo ambiente compartido.

E como foron moitos os compañeiros que nos faláron marabillas da *Xuntanza Mariñeira Mar de Cabo*, en Boiro, decidimos arrancar unha vez máis co *Lagoas* no remolque rumbo aló, para participar na terceira edición, con ganas de comprobar de primeira man o bo facer dos colegas da *Asociación Cultural de Tradicións Mariñeiras Gamela* de Cabo de Cruz. A experiencia estivo á altura das expectativas: a cea na Lonxa, a comida abarloados a unha batea, as risas compartidas na taberna... Todo contribuíu a crear un ambiente único, sen dúbida, unha xuntanza do máis auténtica.

XXV ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE BUEU 28, 29 e 30 de Xullo de 2024



Organiza:

Asociación de amigos
das Embarcacións
Tradicionais OS GALOS

Colaboran:



Ademais das saídas a outros mares, tocounos tamén loxicamente, organizar o noso propio *XXV Encontro de Embarcacións*, que desde hai uns anos celebramos con carácter bianual, alternando coas *Xornadas Mariñeiras Bueu Vive o Mar*.

Foi, coma sempre, unha gran alegría recibir embarcacións amigas das rías de Pontevedra, Vigo e Arousa, ás que agasallamos coa xa tradicional grellada de peixe no local de Petís. Non faltaron as charlas, as exposicións, os obradoiros, a animación infantil, a música... e, por suposto, a navegación pola enseada de Bueu.



O Vila de Bueu

Foto: Ricardo RgueZ.

Todo o esforzo previo que implica organizar unha xuntanza coma esta vese recompensado cando chegan eses días tan agardados, nos que compartimos experiencias, coñecementos e, sobre todo, a alegría de navegar xuntos. Temos que agradecer unha vez máis ao Museo Massó, ao Concello de Bueu, á Confraría de Pescadores San Martiño e á Comunidade de montes veciñais en man común San Martiño de Bueu pola súa colaboración. Tamén a todas aquelas persoas que se prestan a botar unha man nas diferentes tarefas que se levan a cabo durante a organización e a celebración do evento, un traballo en equipo, que sempre é do máis reconfortante.



O bote *Jordeiro* con Miguel facendo soar a buguina

Ademais das actividades previstas, participamos nas mesas redondas do *I Festival do Mar en Marín*, e na de *O mar en Terra*, na Estrada. Leváronse a cabo outras colaboracións como a participación do noso pequeno bote *Jordeiro* no filme “Romaría” de Carla Simone. Outra colaboración moi especial, que resultou todo un reto, foi o proxecto *Vento* do artista Alberto Baraya, que consistía en pintar unha



Desfrutando da navegación a vela na Mareira

vela durante a navegación. A execución non era doada, debíanse dar as condicións climáticas axeitadas e o vento xusto para tensar a vela. O proceso e o resultado da vela pintada formaron parte dunha exposición dentro do ciclo *Infiltracións, Diálogos coa colección do Museo de Pontevedra*, comisariado por Iñaki Martínez Antelo.



A vela pintada por Alberto Baraya

Queremos mencionar ademais a alegría que nos produce recibir as visitas de grupos escolares ás nosas instalacións para que lle contemos de primeira man cales sos os nosos principais obxectivos. Por iso agradecemos ao Centro de Formación A Aixola, con sede en Marín, e ao CEIP Plurilingüe da Espiñeira-Aldán, o interese mostrado.



Os cativos de Espiñeira no peirao dos Galos

Aínda non sabemos que nos deparará a nova temporada, pero con enerxías renovadas seguimos adiante coa mesma ilusión de sempre: a de contribuír á recuperación e conservación do noso patrimonio mariñeiro. Cada vez son menos as persoas que poden transmitir un coñecemento baseado na experiencia directa, herdado daqueles tempos nos que a pesca se realizaba en embarcacións de madeira impulsadas a vela e a remo. Esas técnicas de navegación e as antigas artes de pesca son saberes que

tradicionalmente se transmitiron de forma oral, e agora está nas nosas mans evitar que desaparezan.

Sen mais, desde aquí convidamos a calquera persoa que sinta curiosidade ou interese polas embarcacións tradicionais, que non dubide en poñerse en contacto connosco. Estaremos encantadas de explicar en que consiste o noso labor como Asociación e de abrir as portas a quen queira formar parte desta travesía.

Boa proa!

Outra embarcación tradicional para o Asteleiro de Purro



O racú "Zapateiro"

Foto G. Núñez

En novembro do pasado ano a Concellalía de Cultura de Bueu, por mediación da Asociación "Os Galos", recibiu e donación un vello Racú a motor que ía para o desguace. O obxectivo é a súa incorporación á mostra de embarcacións tradicionais do Asteleiro de Purro. Da súa restauración vanse encargar tamén os carpinteiros da Asociación de Embarcacións Tradicionais "Os Galos". Esta embarcación denominada "Zapateiro" tén perto de 7 m. de eslora e estivo adicada, entre outras faenas, á recoleita de ostras estando activa uns corenta anos.

En principio estas embarcacións movíanse con velas de relinga ou latinas e máis adiante, pola súa envergadura, filles incorporado un motor, igual que se tiña feito anteriormente coas traíñeiras.

O seu nome segue a xerar certas controversias sobre a súa orixe pois relacionouse cunha arte de pesca, cos *raqueiros* e incluso cos moinantes das feiras (?) que "andaban ao corso". Contodo, cremos que non hai que sairse do ámbito do mar onde faenaban

estas embarcacións, cuxa fasquía provén das suas cadernas de popa e centrais en "U", proa recta e que alcanzaban, nalgúns casos, os dez metros de eslora e case tres de manga, portando ata dous mastros e bauprés os máis grandes.

Desde o noso punto de vista e baseándonos simplemente na tradición mariñeira, humilde e iletrada, pero sabía nos asuntos do seu traballo, non hai que ir tan lonxe deste ámbito. Na evolución dos nosos barcos da pesca temos as popas en "espello" das antiquísimas dornas, a dobre proa, as popas abertas e pechadas, mais as redondeadas eran escasas nos nosos barcos, agás nalgúns máis grandes, xa de cabotaxe.

Dito isto, a nosa particular opinión baseada na filoloxía, é esta singularidade (a popa redonda) a que definiu a denominación deste barco polo seu cú (popa) e quizáis aluda á forma de *cú de rá* e de aí o nome, sen máis.



A popa e o leme dun Racú



Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais

